

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

PONTEVEDRA

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

(Segunda lingua estranxeira)

1º, 2º, 3º e 4º ESO

1º e 2º Bacharelato

CURSO ACADÉMICO 2020-21

M^a ESTHER VARELA POL

SONIA BELÉN GONZÁLEZ SÁEZ

1. Introducción	
1.1 A LOMCE.....	5
1.2 Contextualización.....	5
1.3 PLAN DE ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA Á SITUACIÓN COVID 19 DURANTE O CURSO 2020-21	7
1.4 RECUPERACIÓN DOS CONTIDOS DA TERCEIRA AVALIACIÓN NON IMPARTIDOS NO CURSO 2019-20	9
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave: relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis	10
3. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	16
4. Obxectivos do Bacharelato	17
5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis na ESO	18
5.1 Temporalización	18
5.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia	22
6. Estándares de aprendizaxe avaliáveis no Bacharelato	24
6.1 1º de Bacharelato	24
6.2 2º de Bacharelato	27
6.3 Temporalización	30
7. Procedementos e instrumentos de avaliación	31
8. Concrecións metodolóxicas	35
9. Materiais e recursos didácticos	36
10. Criterios de avaliación, corrección e avaliación	38
10.1 Criterios de avaliación.....	39
10.2 Criterios de corrección	40
10.3 Criterios de cualificación	42
11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	43
12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	45
12.1 Actividades de seguimento	46
12.2 Recuperación e avaliación de alumnos pendentes	46
12.2.1 Contidos esixibles	47
12.2.2 Programa de reforzo aos alumnos coa materia pendente.....	47
13. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas	47
14. Medidas de atención á diversidade	48

15. Procedemento de acreditación no Bacharelato	49
16. Concreción dos elementos transversais	49
17. Actividades complementarias e extraescolares	51
17.1 Actividades complementarias	51
17.2 Actividades extraescolares	51
18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	52
19. Accións previstas de acordo co proxecto lector	55
20. Accións previstas de acordo co plan de integración das TICs	56
21. Accións de contribución ao plan de convivencia	57
22. Deseño curricular 1º ESO	58
22.1 Obxectivos	58
22.2 Contidos, actividades e temporalización	58
22.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles para superar a materia	66
22.4 Mínimos 1º ESO	73
23. Deseño curricular 2º ESO	77
23.1 Obxectivos	77
23.2 Contidos, actividades e temporalización	78
23.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles para superar a materia	85
23.4 Mínimos 2º ESO	94
24. Deseño curricular 3º ESO	98
24.1 Obxectivos	98
24.2 Contidos, actividades e temporalización	98
24.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles para superar a materia	106
24.4 Mínimos 3º ESO	115
25. Deseño curricular 4º ESO	120
25.1 Obxectivos	120
25.2 Contidos, actividades e temporalización	120
25.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles para superar a materia	126
25.4 Mínimos 4º ESO	136
26. Deseño curricular 1º Bacharelato	141

26.1	Obxectivos	141
26.2	Contidos	141
26.3	Criterios de avaliación	146
26.4	Estándares de aprendizaxe e competencias clave	148
26.5	Mínimos 1º Bacharelato	152
27.	Deseño curricular 2º Bacharelato	154
27.1	Obxectivos	154
27.2	Contidos	154
27.3	Criterios de avaliación	158
27.4	Estándares de aprendizaxe e competencias clave	161
27.5	Mínimos 2º Bacharelato	166
28.	Programación por contidos e temporalización	167
29.	Anexos: rúbricas	173

1. INTRODUCCIÓN

1.1. A LOMCE

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. De acordo co calendario de implantación do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no ano académico 2015/16 implantáronse as modificacións introducidas no currículo da etapa correspondente aos cursos primeiro e terceiro da educación secundaria obrigatoria e para o primeiro curso de bacharelato. No curso académico 2016-2017 implantouse a Lomce nos restantes cursos da ESO e do Bacharelato.

A LOMCE define currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Especifica ademais que estará integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e metodoloxía didáctica.

O público ao que vai dirixido a nosa programación é o alumnado da ESO principiantes na aprendizaxe do francés como 2ª LE e 1º e 2º Bacharelato (2ª LE).

A normativa respecto á aprendizaxe da 2ª LE na ESO, establece dous períodos lectivos por semana, en 1º, 2º e 3º da ESO e 1º Bach. , e tres períodos en 4º da ESO e 2º Bach.

No contexto español e europeo, atopamos vantaxes ao establecer unha relación entre as tres linguas (galego, español e francés): termos transparentes, sonoridades próximas, proximidade xeográfica, civilización común, etc. Tratamos de motivar ao alumnado cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación na clase. A lingua convírtese nun medio para coñecerse, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta e divertirse. É así mesmo un medio privilexiado para xerar habilidades e estimular a curiosidade, a percepción, a reflexión e a aceptación das diferenzas.

1.2. Contextualización

O IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra sitúase na bisbarra da capital de provincia. Conta con tres centros adscritos de Educación Primaria pertencentes a dúas parroquias rurais do concello: o CEIP A Carballeira de Lourizán, o CEIP San Martiño e o CEIP de Cabanas de Salcedo, que recibe alumnado en menor medida doutros centros de Primaria de Pontevedra, como o CEIP Campolongo, CEIP Praza de Barcelos, etc. No Bacharelato recibe alumnas e/ou alumnos de concellos limítrofes como Soutomaior, Marín, Vilaboa etc. Conta tamén con alumnas e alumnos procedentes doutros países.

A lingua predominante e vehicular dos alumnos é o castelán. Estudan como primeira lingua o inglés. Hai algúns casos de exención nos dous primeiros cursos da ESO.

A oferta educativa abrangue a Educación Secundaria Obrigatoria, e as modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais, e Ciencias de Bacharelato. Impártese tamén o Ciclo formativo de Grao Superior da familia profesional de edificación e Obra Civil: Proxectos de Edificación.

O Claustro de Profesores está formado por unhas 60 persoas, ás que hai que engadir dous administrativos, dous conserxes e tres persoas que se encargan da limpeza das instalacións. O equipo directivo está formado polo director, o vicedirector, o xefe de estudos e o secretario. Os outros órganos de goberno son o Consello Escolar e o Claustro do Profesores.

No relativo ao equipamento, cóntase cunha Sala de Profesores, unha Sala de Titoría, despachos de cargos directivos, Secretaría, Conserxería, Salón de Actos, Biblioteca, dúas aulas de informática, Aula de Audiovisuais, Aula de Música, Departamentos, Laboratorios, Ximnasio e campos deportivos.

As clases teñen lugar os luns e xoves de 8:30 a 15:00 horas e o resto dos días de 8:30 ás 14:10 horas. Os ciclos formativos, ademais de un grupo de Stembach (Bacharelato de

excelencia en ciencias e tecnoloxía) teñen horario de tarde os mércores entre as 16:00 e as 19:30 horas.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN HORARIA

O Departamento de Francés está formado polas seguintes profesoras, as dúas con destino definitivo neste centro:

- Sonia Belén González Sáez, xefa de Departamento
- María Esther Varela Pol
- O profesor Javier Esperón pertencente ao Departamento de Lingua Castelá impartirá 4 horas de francés en dous grupos de 2º da ESO.

REPARTO DE MATERIAS E GRUPOS

Profesora: María Esther Varela Pol

Materia - Curso	Nº GR	Horas/Grupo	Horas totais/Curso
2ª Lingua E.: 2º ESO	3	2	6
2ª Lingua E.: 4º ESO	2	3	6
2ª Lingua E.: 2º Bach	2	3	6
			Total: 18 horas

Profesora: Sonia Belén González Sáez

Materia – Curso	Núm. Grupos	Horas/grupo	Horas totais/Curso
2ª Lingua E. : 1º ESO	5	2	10
2ª Lingua E.: 3º ESO	4	2	8
2ª Lingua E.: 1º Bach	1	2	2
			Total: 20 horas

Profesor: Javier Esperón

Materia – Curso	Núm. Grupos	Horas/grupo	Horas totais/Curso
2ª Lingua E. : 2º ESO	2	2	4
			Total: 4 horas

CRITERIOS XERAIS DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Francés articula o seu traballo apoiándose no criterio principal de máxima **flexibilidade** dentro dos cauces permitidos. Valóranse e promóvense:

- A capacidade de integración das catro destrezas.
- A constancia, a continuidade e a formalidade na realización das tarefas.
- A calidade na produción oral e escrita.
- As actitudes de respecto e colaboración.
- A puntualidade e a asistencia.
- A corrección no tratamento do material.
- A capacidade de interacción positiva.

1.3 PLAN DE ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA Á SITUACIÓN DA COVID 19 DURANTE O CURSO 2020-2021

Plantéxanse 3 situacións posibles:

1. MODALIDADE PRESENCIAL
Seguirase a presente programación.
2. MODALIDADE MIXTA: PRESENCIAL E A DISTANCIA
Neste caso, daranse as explicacións pertinentes na aula e realizaranse as tarefas no domicilio do alumno, sempre contando co aula virtual do centro e co entorno Webex, que se usarán como complemento ás clases presenciais, cando sexa preciso.
Os estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e cualificación serán os presentes nesta programación.
3. MODALIDADE DE ENSINO A DISTANCIA
Neste caso, a modalidade de ensino será non presencial, mais asegúrarase o seguimento continuo do curso por parte do alumnado, polo que utilizaremos preferentemente os seguintes medios de traballo: aula virtual do centro, plataforma Webex e outros que se especifican no apartado metodoloxía.
Desenvolveranse actividades que traballen as competencias comunicativas : comprensión e expresión escrita, comprensión e expresión oral. Procurarase contextualizar o máximo posible os elementos gramaticais, léxicos, sintácticos e discursivos, integrándoos nas tarefas propostas . Así, o alumnado traballará as competencias lingüística, dixital, aprender a aprender e de conciencia e expresión cultural, , todas elas competencias básicas de aprendizaxe establecidas pola Lei Orgánica 8/2013. Por outra banda, estas competencias comunicativas están descritas polos estándares de aprendizaxe do currículo de cada curso.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Os reflectidos na presente programación, prestando especial atención aos que se consideren imprescindibles para a continuidade da aprendizaxe da lingua.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Criterios de avaliación

Os reflectidos para cada curso na presente programación.

Procedementos

- Observación, rexistro, corrección e seguimento do proceso de aprendizaxe en liña do alumnado a través dos exercicios, traballos e tarefas propostos que o profesor irá publicando regularmente na Aula Virtual.

Instrumentos

- Todas as actividades e tarefas entregadas polos alumnos.
- Actividades gramaticais.
- Análise das producións escritas dos alumnos (rúbricas, escalas de valor e/ou listas de control.
- Análise das comprensións escritas dos alumnos (lista de control e/ou escala de valor)
- Análise das producións orais dos alumnos (rúbrica, escala de valor e/ou lista de control)
- Análise das comprensións orais dos alumnos (lista de control e/ou escala de valor)

Criterios de cualificación.

Exercicios de gramática e vocabulario:	60%
Actividades de expresión escrita:	10%
Actividades de comprensión escrita:	10%
Actividades de expresión oral:	10%
Actividades de comprensión oral:	10%
TOTAL	100%

Proba extraordinaria de setembro

Un único exame escrito, cun valor de 100%, cos contidos vistos durante todo o curso.

ALUMNADO CA MATERIA PENDENTE

Os alumnos que cursen a materia no curso seguinte, se aproban a primeira avaliación do presente curso, daráselle por superada a materia pendente.

En caso de que non elixiran a materia no curso seguinte, terán que presentar os dossiers que propón o Departamento para superar a materia e realizar o exame de recuperación de pendentes no mes de maio.

Criterios de avaliación:

Os correspondentes ao curso da materia pendente.

Criterios de cualificación:

- Dossiers entregados ao longo do curso:	40%
- Exame de maio por vía telemática:	60%.

En caso de non entregar ningún dossier durante o curso, o exame contará o 100% da nota.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía será activa, comunicativa e interaccional, profesor-alumno, alumno-profesor desenvolta telemáticamente mediante intercambios de exercicios e correccións a través do entorno da aula virtual do centro e dos correos electrónicos corporativos das docentes así como doutros sitios web educativos (edpuzzle, quizizz...), no entorno Cisco Webex. Alén diso, a metodoloxía favorecerá o exercicio da autonomía, da independencia, do espírito emprendedor do alumnado e da competencia aprender a aprender do alumnado, reforzando así a responsabilidade individual para realizar con constancia as tarefas propostas. Buscarase unha aprendizaxe significativa, propoñendo aos alumnos temas e actividades conectadas cos seus centros de interese (textos actuais, cancións, bandas deseñadas, vídeos...) e incorporando a gamificación ás sesións.

Alumnado con conectividade:

- Aula virtual (explicación de actividades, entrega e corrección, foro de dúbidas, mensaxería)
- Plataformas diversas; Quizizz, Edmodo, Edpuzzle (cuestionarios diversos e gamificados)
- Blogue de francés, na Aula Virtual do centro.
- Correos electrónicos.
- Libro de texto.

Alumnado sen conectividade:

De haber algún caso, faráselle chegar as actividades polo medio que nos indiquen os titores e a dirección do centro

ACTIVIDADES

- Actividades de expresión escrita. (elaboración de textos, exercicios de gramática e vocabulario)
- Actividades de comprensión escrita. (cuestionarios verdadeiro/falso, de resposta múltiple ou de completar)
- Actividades de comprensión oral. (cuestionarios verdadeiro/falso, de resposta múltiple ou de completar)
- Actividades de expresión oral. (presentacións orais dos alumnos a través de gravacións de audio)
- Actividades de autoavaliación e de revisión. (cuestionarios, tests, exercicios de comprensión, de gramática e de vocabulario)

MATERIAIS E RECURSOS

- Aula virtual do centro.
- Plataformas: Webex, Quizizz, Edmodo, Edpuzzle, Screen omatic., Moodle.
- Blogue de francés.
- Correos electrónicos corporativos.

- Libros de texto.
- Fichas e material elaborado polas profesoras.
- Ejercicios on-line: le baobab bleu, le point du flé...
- Videos en Internet: TV5 monde, Brut français...
- Material de preparación ós exames DELF escolar A1,A2 e B1

1.4 RECUPERACIÓN DOS CONTIDOS DA TERCEIRA AVALIACIÓN DO CURSO 2019-2020

No curso pasado quedaron sen impartir os dous últimos temas dos libros de texto da ESO e de 1º de Bacharelato, aínda que non na súa totalidade, pois presentáronse aos alumnos telematicamente actividades de ampliación. Dado que esta materia é de contidos progresivos, e que se repiten nos cursos posteriores, aínda que con máis afondamento dos mesmos, o Departamento decide levar a cabo na primeira avaliación unha explicación dos contidos que quedaron sen impartir que se consideren máis relevantes para a aprendizaxe da lingua; para esta tarefa contamos con caderniños elaborados pola editorial Santillana Passeport pour la rentrée ,”Diagnostic et remise à nouveau”, que retomaran os contidos do curso pasado por temas e deste xeito, revisáranse os que non deu tempo a adquirir. Algúns destes contidos veranse ao longo do curso, porque se tratan nas unidades do curso seguinte.

Porén, impartíranse na primeira avaliación e ao longo do curso nas unidades correspondentes que tratan estes puntos, os seguintes contidos:

2º ESO

Les vêtements (révision)
 L’adjectif démonstratif (révision)
 Le verbe mettre (révision)
 Les activités quotidiennes (verbes pronominaux)
 Le verbe faire
 La question : pourquoi ?
 L’expression de la cause : parce que
 L’heure
 Les moments de la journée
 Le verbe prendre
 Les aliments
 L’article partitif
 Les aliments

3º ESO

Les aliments et les ustensiles de table
 Le pronom en
 Le passé composé
 Les participes passés
 Expressions de temps (la fréquence)
 Les saisons et la météo
 Les animaux
 Le futur simple
 Le comparatif et le superlatif
 Pronoms COD

4º ESO

Les tâches ménagères (révision)
 Le passé composé avec être et avoir (révision)
 L’imparfait (révision)
 La négation complexe
 Les pronoms COI/COD
 L’expression de la fréquence

Les relations personnelles
Le monde numérique et les reseaux sociaux

1ºBAC

Le passé composé (être et avoir)/imparfait :révision
La négation complexe
Les âges de la vie
Les études et la vie professionnelle
Les pronoms COI/COD
La description physique : vêtements, corps
L'expression de la quantité (révision)
Les pronoms en,y (révision)
Les adverbes en -ment

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES)

As competencias clave son as que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave, pódese consultar neste apartado na táboa que as relaciona co seu estándar de aprendizaxe correspondente e por cursos. No anexo final desta programación presentamos unha rúbrica para avaliar estas competencias, seguida do seu desglose en indicadores, que nos permitirán unha gradación do nivel de adquisición.

A LOMCE contempla 7 competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

As competencias que se traballarán maioritariamente nesta materia son:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia. O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á

utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Os alumnos utilizarán a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, desenvolvendo esta competencia en todas as unidades.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Na aula utilizaremos ferramentas informáticas para facer procuras na web e afondar nos diferentes temas propostos, para facer presentación, vídeos, chats en lingua francesa con adolescentes da mesma idade, etc.

Competencia para aprender a aprender (CAA)

Esta competencia supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

As diferentes actividades propostas obrigan ao alumno a usar diferentes estratexias para aprender a aprender: completar actividades recordando estratexias transmitidas polo profesor en clases anteriores, demostrando así o que aprenderon ao mesmo tempo que aprenden.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

Fomentarase o bo comportamento e o respecto cara os demais así como as boas maneiras de actuar en cada lugar. As normas de cortesía ao realizar exposicións, diálogos e

simulacións. O traballo en equipo porá de relevo o intercambio de opinión e o respecto cara a diversidade e onde os alumnos poderán reflexionar grazas aos temas propostos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo a outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Levaranse a cabo proxectos creativos, por exemplo tarefas globais: os alumnos aprenderán a ter confianza en si mesmos e a tomar a iniciativa sen medo a realizar as actividades e a polas en práctica na vida real.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

Ofréceselle ao alumno seccións en todas as unidades para descubrir os países francófonos. Poderán expresarse mediante escenificacións, cancións e representacións en lingua francesa.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

COMPETENCIAS CLAVE: 1º ESO

BLOQUES	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
BLOQUE 1	SLEB1.1	CCL,CD,CAA,CCEC
	SLEB1.2	CCL,CAA,CCEC
	SLEB1.3	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB1.4	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 2	SLEB2.1	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB2.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB2.3	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB2.4	CCL,CAA,CCEC
	SLEB2.5	CCL,CAA,CCEC
BLOQUE 3	SLEB3.1	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB3.2	CCL,CAA,CCEC
	SLEB3.3	CCL,CAA,CCEC
	SLEB3.4	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 4	SLEB4.1	CCL,CAA,CCEE,CD
	SLEB4.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB4.3	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB4.4	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 5	SLEB5.1	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB5.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB5.3	CCL,CAA,CCEC
	SLEB5.4	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB 5.5	CCL,CAA,CCEC,CD

COMPETENCIAS CLAVE: 2º ESO

BLOQUES	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
BLOQUE 1	SLEB1.1	CCL,CD,CAA,CCEC
	SLEB1.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB1.3	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB1.4	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 2	SLEB2.1	CCL,CAA,CCEC,CD,CSIEE
	SLEB2.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB2.3	CCL,CAA,CCEC,CD

	SLEB2.4	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB2.5	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 3	SLEB3.1	CCL,CAA,CSIEE,CD
	SLEB3.2	CCL,CAA,CCEC
	SLEB3.3	CCL,CAA,CCEC
	SLEB3.4	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 4	SLEB4.1	CCL,CAA,CSIEE,CD
	SLEB4.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB4.3	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB4.4	CCL,CAA,CCEC,CD
BLOQUE 5	SLEB5.1	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB5.2	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB5.3	CCL,CD,CAA, CCEC
	SLEB5.4	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB 5.5	CCL,CAA,CCEC

COMPETENCIAS CLAVE: 3º ESO

BLOQUES	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
BLOQUE 1	SLEB1.1	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB1.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB1.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB1.4	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB1.5	CCL,CAA,CSC,CSIEE,CCEC
	SLEB1.6	CCL,CAA,CSC,CCEC,CSIEE,CD
BLOQUE 2	SLEB2.1	CCL,CAA,CCEC,CD,CSIEE
	SLEB2.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD,CSIEE
	SLEB2.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD,CSIEE
	SLEB2.4	CCL,CAA,CSC,CCEC
BLOQUE3	SLEB3.1	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.5	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
BLOQUE 4	SLEB4.1	CCL,CAA,CSC,CSIEE,CD
	SLEB4.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB4.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD

	SLEB4.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
BLOQUE 5	SLEB5.1	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB5.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB5.3	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB5.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD,CSIEE
	SLEB5.5	CCL,CAA,CSC,CCEC

COMPETENCIAS CLAVE: 4º ESO

BLOQUES	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
BLOQUE 1	SLEB1.1	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB1.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB1.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB1.4	CCL,CAA,CCEC,CD
	SLEB1.5	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB1.6	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
BLOQUE 2	SLEB2.1	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB2.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB2.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB2.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
BLOQUE 3	SLEB3.1	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.3	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB3.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB3.5	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
BLOQUE 4	SLEB4.1	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB4.2	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB4.3	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB4.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
BLOQUE 5	SLEB5.1	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD
	SLEB5.2	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB5.3	CCL,CAA,CSC,CCEC
	SLEB5.4	CCL,CAA,CSC,CCEC,CD,CSIEE
	SLEB5.5	CCL,CAA,CSC,CCEC

3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A materia de francés contribúe á consecución e adquisición de todos os obxectivos para a etapa establecidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, xa que, as materias lingüísticas facilitan a integración mediante textos, actividades, debates...de contidos diversos (científicos, artísticos, sociais, deportivos...), sen restrinxir os contidos aos meramente curriculares. Os obxectivos de cada curso en concreto, pódense consultar no deseño curricular de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, nos puntos correspondentes desta programación.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumn@s capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. OBXECTIVOS DO BACHARELATO (2ª L. E.)

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as

habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES (ESO)

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Os estándares de aprendizaxe veñen definidos na última parte desta programación, no currículo correspondente a a cada curso: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO. Dado que o alumno debe lograr a consecución, en maior ou menor medida, de todos os estándares de aprendizaxe da disciplina, considérase que para obter unha cualificación positiva o alumnado debe acadar alomenos un certo grao de realización, que será o GRAO MÍNIMO ESIXIBLE de consecución de cada un dos estándares de aprendizaxe.

No anexo desta programación poden consultarse os modelos de rúbricas de avaliación por estándares de aprendizaxe.

5.1. Temporalización

Ao longo do curso, está previsto cubrir arredor de 67 horas ou sesións de francés como segunda lingua estranxeira, impartidas con frecuencia de dúas horas semanais, nos cursos de 1º, 2º, 3º ESO, e 3 sesións en 4º ESO (95 horas).

Nas tres avaliacións traballaranse os estándares de aprendizaxe, que aparecen máis adiante nos deseños curriculares, atendendo ós cinco bloques que establece a LOMCE:

- comprensión de textos orais

- produción de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción de textos escritos
- coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe

A continuación presentamos unha estimación de tempos por trimestre, pero nos deseños curriculares desta programación pódese consultar máis pormenorizadamente a temporalización dos contidos por trimestres, para cada curso da ESO. Cando se fala de trimestre, cómpre indicar que facemos referencia ao trimestre académico, é dicir, ao periodo que remata coa correspondente avaliación.

- **Estimación de tempos para 1º da ESO**

Método Parachute 1. Libro, caderno de exercicios, CD.

1º Trimestre: unidades 0, 1, 2

2º Trimestre: unidades 3,4

3º Trimestre: unidades 5, 6

UNIDADE	Aprox. Sesións	Nº	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)
0 Facile, le français!	4		3-4
1 La rentrée	10		7-8
2 Les goûts, les copains	10		7-8
3 Les actions, l'écologie	10		7-8
4 La famille, le corps	10		7-8
5 Les vêtements, les fêtes	10		7-8
6 Les repas, les habitudes	10		7-8
TOTAL	aprox 64		45-52 horas

- **Estimación de tempos para 2º da ESO**

Método Parachute 2. Libro, caderno de exercicios, CD.

1º Trimestre: unidades 0, 1, 2

2º Trimestre: unidades 3, 4

3º Trimestre: unidades 5, 6

UNIDADE	Aprox. Sesións	Nº	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)
0 La rentrée, les activités	4		3-4
1 Les descriptions	10		7-8
2 Les itinéraires	10		7-8
3 L'alimentation	10		7-8
4 À la maison	10		7-8
5 Au restaurant	10		7-8
6 Le temps et les comparaisons	10		7-8
TOTAL	aprox 64		45-52 horas

- **Estimación de tempos para 3º da ESO**

Método Parachute 3. Libro, caderno de exercicios, CD.

1º Trimestre: unidades 0, 1, 2

2º Trimestre: unidades 3, 4

3º Trimestre: unidades 5, 6

UNIDADE	Aprox. Sesions	Nº	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)
0 La rentrée	4		3-4
1 La personnalité	10		7-8

2 La description	10	7-8
3 Les sensations	10	7-8
4 La ville	10	7-8
5 Les tâches ménagères	10	7-8
6 Le temps passé	10	7-8
TOTAL	aprox 64	45-52 horas

- **Estimación de tempos para 4º da ESO**

Método Parachute 4. Libro, caderno de exercicios, CD.

1º Trimestre: unidades 0, 1, 2.

2º Trimestre: unidades 3, 4.

3º Trimestre: unidades 5, 6.

UNIDADE	Aprox. Sesions	Nº	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)
0 Évoquer	5		3-4
1 Les voyages	12		7-8
2 Décrire des personnes	12		7-8
3 Les métiers. La nature	12		7-8
4 Les tâches ménagères	12		7-8
5 La cause	12		7-8
6 Décrire des objets. Les rêves	12		7-8
TOTAL	aprox 79		75-80 horas

-Libros do alumno:

1º da ESO: Parachute 1, libro, caderno de exercicios, CD

2º da ESO: Parachute 2, libro, caderno de exercicios, CD

3º da ESO: Parachute 3, libro, caderno de exercicios, CD

4º da ESO. Parachute 4, libro, caderno de exercicios, CD

5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

Para superar a materia requírese o adecuado dominio de cada un dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliabile. Remitímonos aos apartados que recollen o deseño curricular da presente programación. Presentamos esta táboa por bloques, a modo xeral, pero nos puntos citados anteriormente pódese consultar o grao mínimo de consecución polo miúdo para os distintos cursos da ESO.

ESTÁNDARES	MÍNIMOS	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
BLOQUE1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende preguntas básicas, frases e expresións habituais relacionadas con temas habituais e segue instrucións e consignas de aula. - Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves. - Comprende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa. 	<p>Interaccións profesor/alumno.</p> <p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas obxectivas de comprensión oral.</p>
BLOQUE 2 EXPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Nas actividades de aula amosa actitude positiva polo uso da lingua estranxeira, esforzándose por utilizala. 	<p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas de expresión oral.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Fai e responde intelixiblemente a preguntas sinxelas adecuadas á súa idade e nivel escolar. - Desenvólvese en situación habituais de comunicación. - Participa en conversas informais breves básicas, intercambiando información, pide e dá indicacións para ir a un lugar. - Preséntase, dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo, preferencias ou temas cotiáns en conversas básicas, colaborando co interlocutor/a para facerse entender. 	
BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende textos, avisos, obrigas, prohibicións de estrutura sinxela adaptados ao seu nivel, con apoio visual. - Comprende información sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de gustos e preferencias. - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos... 	Probas obxectivas de comprensión escrita.
BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente. - Completa cuestionarios sinxelos con información moi básica. - Escribe mensaxes en soporte dixital sinxelos e breves. 	Redaccións de diversos tipos (cartas, mensaxes, narracións, descricións...) solicitadas ó longo do curso. Probas de expresión escrita

		<ul style="list-style-type: none"> - Escribe correspondencia breve e sinxela a partir dun modelo. - Aмоса unha presentación limpa e ordenada nos textos elaborados. 	
BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA CONSCIENCIA INTERCULTURAL PLURILINGÜE	DA E E	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica sons e grafías de fonemas básicos e iníciase no uso de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. - Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira, mostrando respecto polas diferenzas dos aspectos culturais. - Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa, utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico básico, traballado anteriormente. - Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valora a competencia que posúe como persoa plurilingüe. 	Probas de expresión oral e escrita. Observación directa na clase. Traballos solicitados durante o curso

6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NO BACHARELATO (segunda lingua estranxeira)

6.1. 1º de Bacharelato

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Capta os puntos principais e os detalles relevantes de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (p. ex. en contestadores automáticos, ou sobre como utilizar unha máquina ou un dispositivo de uso menos habitual).
2. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en bancos, tendas, hotéis, restaurantes, transportes, centros educativos), ou menos habituais (p. ex. nunha farmacia, nun hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.
3. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como, p. ex., a música, o cinema, a literatura ou os temas de actualidade.
4. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e previsible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.
5. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e a información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional.
6. Identifica aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas, cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes faciliten a comprensión.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

1. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (p. ex. Power Point), sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo preguntas sinxelas dos oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.
2. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou unha estancia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde, lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.
3. Participa adecuadamente en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cinema, a literatura ou os temas de actualidade.
4. Toma parte en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre

feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, opinións e plans.

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (p. ex. nun evento cultural, ou nunha residencia de estudantes).

2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e a información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (p. ex. sobre cursos, bolsas, ofertas de traballo).

3. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros on line ou blogues, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

4. Entende o suficiente de cartas, mensaxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (p. ex. se se lle solicitan documentos para unha estancia de estudos no estranxeiro).

5. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.

6. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (p. e. enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

1. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (p. ex. para solicitar unha bolsa).

2. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (p. ex. nunha páxina web), respectando as convencións e as normas de cortesía e da netiqueta.

3. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual (p. ex. un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogues e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de forma lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (p. ex. sobre unha viaxe, un acontecemento importante, un libro, unha película), ou feitos imaxinarios; e intercambia

información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións.

5. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, observando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.

3. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.

6.2. 2º de Bacharelato

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e previsible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.

5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.

6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.

2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.

BLOQUE 3. COMPREENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.

2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).
3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).
4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.
5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogues, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
6. Entende o suficiente de cartas, mensaxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).
7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogues e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.
2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.
3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.
4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.
5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.

3. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.

6.3. Temporalización para Bacharelato

Ao longo do curso, está previsto cubrir arredor de 67 horas ou sesións de francés como segunda lingua estranxeira en 1º de Bacharelato, impartidas con frecuencia de dúas horas semanais. En 2º de Bacharelato son 3 sesións semanais, que supoñen unhas 85 horas de francés.

Nas tres avaliacións traballaranse os estándares de aprendizaxe, que aparecen máis adiante nos deseños curriculares, atendendo ós cinco bloques que establece a LOMCE:

- comprensión de textos orais
- produción de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción de textos escritos
- coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe

A continuación presentamos unha estimación de tempos por trimestre:

Para 1º de Bacharelato

Método C'est à dire! Lycée A1. Método complementario: Génération Lycée 2 B1

1º Trimestre: unidades 0, 1, 2, 3: 26 sesións

2º Trimestre: unidades 4, 5, 6: 22 sesións

3º Trimestre: unidades 7, 8, 9: 23 sesións

Para 2º de Bacharelato

O alumnado non terá que mercar libro de texto, pero o profesor guiarase polos seguintes métodos: C'est-à-dire Lycée 2, Génération Lycée 2 B1, e por material aportado polo profesor (fotocopias, textos, vídeos, documentais, etc.)

1º Trimestre: 37 sesións
 2º Trimestre: 23 sesións
 3º Trimestre: 23 sesións

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Traballaranse os cinco bloques aos que van asociados determinados estándares de aprendizaxe, con diferentes procedementos e instrumentos de avaliación. Os procedementos e instrumentos de avaliación están detallados por curso e estándar de aprendizaxe.

A avaliación será continua polo que, inicialmente, non se contemplan exames de recuperación por avaliacións, formativa e individualizada. Valoraranse tódalas actividades realizadas ao longo do curso, así como a adquisición progresiva das catro destrezas básicas: expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita.

Realizaranse dúas probas obxectivas como mínimo por trimestre (bloques I,III,IV,V) e unha proba de produción oral (bloquell). Debido a que os estándares de aprendizaxe que se avalían son globais e se traballan nas tres avaliacións, os contidos impartidos nunha avaliación concreta, poden ser obxecto de exame en probas posteriores. As probas constarán de diferentes exercicios prácticos (orais e escritos).

A avaliación constará de tres etapas:

Avaliación inicial

O obxectivo desta avaliación é coñecer o punto de partida de cada alumno (coñecementos previos, actitudes, capacidades...) o que nos permitirá posteriormente valorar a súa evolución. En moitas ocasións hai alumnos con coñecementos previos da lingua estranxeira inferiores aos que lles correspondería segundo o curso, por exemplo en 1º de Bacharelato.

Avaliación formativa

É unha avaliación continuada, que analiza o proceso de aprendizaxe. Esta avaliación caracterízase polo seu carácter diagnóstico, progresivo e integral. A función formativa da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno desde o seu nivel inicial. É tamén unha fonte de información moi importante para o profesor, xa que poderá axustar en cada momento o seu ensino ás necesidades suscitadas polos alumnos, sendo todo isto fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

Avaliación sumativa

Finalmente, a función sumativa da avaliación comproba a competencia comunicativa do alumno con respecto ós obxectivos establecidos, o que se traduce en cualificacións. Será emitida ó final de cada trimestre, tendo en conta a avaliación continuada ó longo do proceso.

A modo de resumo, presentamos esta táboa. Ver os criterios de avaliación e de cualificación recollidos no punto 10.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS	PORCENTAXE
ANÁLISE DE PRODUCIÓNS DO ALUMNO: PROBAS ESCRITAS	Controis escritos : cuestións de gramática e de vocabulario	50%

PROBAS DE EXPRESIÓN ESCRITA	Redaccións	10%
PROBAS DE COMPRENSIÓN ESCRITA	Contestar con verdadeiro/falso, contestar a preguntas de comprensión sobre un texto, <i>questionnaires à choix multiple</i>	10%
PROBAS OBXECTIVAS DE COMPRENSIÓN ORAL	Contestar a preguntas de comprensión oral, con respostas de verdadeiro / falso, <i>questionnaires à choix multiple</i>	10%
ANÁLISE DA PRODUCCIÓN ORAL DO ALUMNO: PROBAS ORAIS	Preguntas obxectivas. Preguntas abertas. Gravacións. Diálogos, <i>jeux de rôle</i> . Exposicións	10%
OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA NA AULA E TRABALLO DIARIO (NA CASA E NA AULA)	-Atención na clase e actitude participativa. -Esforzo e regularidade na realización das tarefas diarias, caderno de clase. - Chamadas ao encerado, intervencións orais na aula e participación nas actividades complementarias e extraescolares. -Responsabilidade e cooperación nos traballos de equipo, respecto polo material, polos compañeiros e polo profesor.	10%
TOTAL		100%

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

• **Probas de comprensión escrita**

Estas probas estarán constituídas por exercicios que poderán ser dos seguintes tipos:

- Contestar preguntas sobre un texto.
- Ordenar parágrafos, frases ou intervencións de textos ou diálogos.
- Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas con respecto a un texto.
- Contestar preguntas de opción múltiple.

- Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal.
- Marcar itinerarios ou localizar lugares en planos.
- Localizar información concreta no texto co fin de completar fichas, esquemas, diagramas, etc.
- Localizar no texto sinónimos, antónimos ou palabras dun determinado campo semántico.
- Traducir textos traballados previamente na clase.

• **Probas de comprensión oral.**

Estas probas incluírán exercicios que poderán ser dos seguintes tipos.

- Contestar preguntas de resposta breve sobre un documento oral ou audiovisual.
- Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas con respecto a un documento
- Contestar preguntas de opción múltiple.
- Identificar ou ordenar imaxes relacionadas co documento escoitado.
- Localizar información concreta no texto co fin de completar fichas, esquemas, diagramas, etc.
- Marcar itinerarios en planos.
- Relacionar distintos elementos contidos no documento. Os documentos escoitaranse tres veces.

• **Probas de expresión escrita:**

Poderase pedir ós alumnos a realización das seguintes tarefas:

- Respostar ou facer preguntas.
- Completar frases ou textos.
- Completar formularios.
- Redactar frases ou textos a partir duns elementos dados.
- Describir fotos, BDs ou outros documentos gráficos.
- Redactar cartas, mensaxes e postais.
- Escribir un texto sobre un tema visto na clase.
- Escribir ou completar diálogos sobre situacións vistas na clase.

• **Probas de expresión oral**

Esta destreza avaliarase mediante exercicios que poderán ser dos seguintes tipos:

- Lectura en voz alta.
- Participación en *jeux de rôle*.
- Realización de exposicións.
- Entrevistas persoais.
- Descrición de fotos, BD ou outros documentos gráficos.
- Participación en obras de teatro e en debates.
- Diálogos con preparación previa.
- *Exposés* sobre un tema con preparación previa.

Todos os exercicios presentes nas devanditas probas deberán reunir as seguintes características:

- A técnica non será descoñecida: realizaranse con anterioridade exercicios similares na aula.
- Deberán estar contextualizadas: nunha proba oral, por exemplo, daranse orientacións sobre a situación na que a conversa se desenvolve.
- **O traballo, a actitude e o comportamento diario na aula**, terase en conta para poñer a nota de clase. O traballo dos alumnos será observable mediante:
 - A recollida de traballos feitos en clase ou na casa: redaccións, exercicios de gramática e léxico, exercicios de comprensión oral ou escrita, esquemas ou resumos, etc.
 - A observación directa na aula no que respecta á participación oral, o traballo diario e a posta ao día do caderno de clase. Tamén se reflectirán na nota de clase a actitude e a boa disposición dos alumnos.

Prestarase especial atención ós seguintes aspectos:

- **O respecto polos compañeiros, polo profesor e polas normas básicas** da clase: respectar a quenda de palabra, escoitar as intervencións dos compañeiros e as explicacións do profesor, non burlarse dos erros alleos, etc.
- **A puntualidade** tanto na chegada ás clases coma na entrega dos traballos. A participación dos alumnos nas clases e o interese por utilizar o francés como lingua de comunicación nela.
- **A participación** dos alumnos nas actividades complementarias propostas polo departamento.
- **A atención dos alumnos** tanto durante as explicacións do profesor coma durante a corrección dos exercicios e a audición dos documentos orais e audiovisuais.
- **O coidado do material**: fotocopias, apuntes e traballos feitos polo alumno. Este material é imprescindible para seguir as clases adecuadamente e o alumno será responsable de traelo e mantelo en bo estado. Tamén deberá coidar a presentación (con especial atención á caligrafía) do seu traballo: exercicios, fichas, redaccións, etc.

- **O interese por coñecer unha lingua e unha cultura novas** como medio de enriquecemento persoal e de comunicación con outras persoas.

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Conforme ó establecido na Lei Orgánica 8/2013, empregaremos una metodoloxía centrada no alumnado que lle permita una aprendizaxe progresiva e en espiral, activa, dinámica e participativa, fomentando a interacción entre o alumnado así como entre o alumno e o profesor.

A metodoloxía didáctica na ESO e no Bacharelato será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Buscaranse estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en francés así como a adquisición das competencias.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, considerando que o alumnado de primeiro curso de ESO que presente dificultades no procesos de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira.

As liñas xerais de actuación serán as seguintes:

A produción oral traballarase fundamentalmente mediante a realización de *jeux de rôle*, o uso do francés como lingua de comunicación na aula e a realización de exposicións orais. A participación dos alumnos na aula debe incentivarse e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés. Se insistirá en que o alumnado empregue o francés (dentro das súas limitacións) para comunicarse co profesor e cos compañeiros. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais, evitando corrixir constantemente cuestións gramaticais ou fonolóxicas. Débense corrixir se interfíren na comunicación e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.

A comprensión oral traballarase mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais. Procuraremos que os documentos utilizados estean dispoñibles en internet para que os alumnos poidan re-escoitalos na casa se o desexan. Moitos alumnos desanímanse cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa so parcialmente. Insistirase na tolerancia da comprensión parcial e na perseverancia no esforzo de comprensión, re-escoitando os documentos varias veces. Na aula, o profesor utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumno á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel dos alumnos e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.

A comprensión escrita. É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global.

A produción escrita é quizais a destreza máis difícil para os alumnos, que teñen tamén dificultades par expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua materna. Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto o alumno deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas.

A aprendizaxe da gramática e do léxico. Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introducíranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Os alumnos realizarán este tipo de exercicios fundamentalmente fóra da aula. Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe gramatical nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos que os alumnos xa posúen noutras linguas.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (aínda que daremos prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral, máis difíciles de facer na casa) e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible.

Potenciaremos a motivación do alumnado (factor clave para a aprendizaxe do francés) mediante as seguintes estratexias: valorar os logros dos alumnos (aínda que non alcancen as expectativas), fomentar actividades participativas nas que o alumno sexa protagonista e teña oportunidade de falar, utilizar xogos didácticos, contribuír a un bo ambiente de clase mostrando un interese persoal polos alumnos, propor os obxectivos como alcanzables, propoñer exercicios voluntarios e valorar (especialmente nas tarefas de produción escrita) os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos cos que contamos no IES G. Torrente Ballester, son os seguintes:

- Aulas do alumnado. Dispoñen de instrumentos necesarios para a práctica docente: ordenador, proxector, reprodutor de DVD, reprodutor de CD. Estes medios están a disposición do profesorado e do alumnado de francés para contribuír á consecución dos obxectivos marcados. Facemos constar que a partir do curso 2018/19 o centro forma parte do proxecto E-Dixgal, polo que se abren novas posibilidades didácticas para a materia.

- Aulas de Informática: a disposición do alumnado, onde poden facer as súas consultas e investigación en internet sobre temas propostos na clase.

- Biblioteca do centro con ordenadores a disposición do alumnado, con diferentes lecturas graduadas en Lingua Francesa así como diversas revistas nesta lingua.

- Libros do alumno:

- 1º da ESO. *Parachute 1*, Ed.Santillana : libro, caderno de exercicios, CD.

- 2º da ESO. *Parachute 2*, Ed.Santillana : libro, caderno de exercicios, CD.

- 3º da ESO. Parachute 3, Ed.Santillana : libro , caderno de exercicios, CD.

- 4º da ESO. Parachute 4, Ed.Santillana : libro, caderno de exercicios, CD.

- 1º Bacharelato. C'est à dire! Lycée A1: libro, DVD

- 2º Bacharelato. *Sen método.*

- Medios audiovisuais e informáticos (TICS) : *encerado e libro dixital, aula virtual do centro, correos corporativos.*

- sitios web francófonos

- banco de imaxes dixitais, cancións, karaokés

- xogos diversos para o encerado dixital

No Bacharelato:

- DVD-ROM: vídeos “Sur le vif” e “Voyage”, películas VO.

- Diversos sitios web francófonos

- Aula virtual, blogue de francés na aula virtual do Centro, no apartado de Linguas Estranxeiras

- Material complementario: gramáticas, vocabulario, audicións, libros para a preparación do DELF nos cursos de Bacharelato...

ACTIVIDADES

- Actividades de inicio de lección: presentación para introducirse nas unidades, e activar así os coñecementos previos.
- Actividades de desenvolvemento da unidade: vocabulario, lectura, gramática, pronunciación, escoita, discusión e escritura.
- Actividades de reforzo e ampliación.

- Actividades de desenvolvemento e competencias básicas: tormentas de ideas, xogos de rol, actividades interactivas, en grupo, interpretación de gráficos, textos culturais, cancións, poemas.
- Actividades de avaliación. Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación, e inclúe o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa, os cadernos persoais, os controis e os exames. Así pois contéplase unha avaliación formativa e sumativa.
- Actividades complementarias: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en francés, conmemoracións características da sociedade francesa e francófona.

LECTURAS GRADUADAS

É realmente difícil prever unhas lecturas obrigatorias na nosa materia, que polo seu carácter maioritariamente optativo dá lugar a grupos moi variados nos que se poden atopar, ademais das diferencias individuais, unha gran variedade de niveis de coñecementos provocada pola discontinuidade da materia.

A idea é presentar aos alumnos unha ampla oferta entre a que cada estudante debe escoller o que se axuste ó seu nivel e interese.

No primeiro ciclo da ESO, iranse introducindo gradualmente lecturas de pequenos contos, adaptados ao nivel dos diferentes alumnos. Poderase ler un libro durante o curso. Continuarase con esta iniciativa nos cursos restantes.

Estes libros facilitaránselle desde a Biblioteca do IES e desde o Departamento de Francés.

10. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CORRECCIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO (ESO E BACHARELATO)

A AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado será, continua, formativa, integradora e sumativa : o alumno terá que traballar ao longo do curso día a día. Ao ser formativa esixirá por parte do profesor un ensino gradual para que a adquisición non presente lagoas : a medida que se vaia avanzando volveranse ver aspectos que o alumno aínda non adquiriu o suficiente. Tamén será unha avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso (finais de avaliación e de curso : ordinaria e extraordinaria).

A avaliación por competencias clave supón unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes ; a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu, é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación e en situacións prácticas. Permite avaliar tanto o logro dos obxectivos da materia, como o grao de adquisición das competencias clave.

O ensino-aprendizaxe estará centrado no alumno, responderá ás súas necesidades, detectaranse as súas carencias con avaliacións iniciais e desenvolveranse sempre buscando os obxectivos e contidos mínimos e segundo o ritmo da aprendizaxe e as necesidades dos alumnos.

O sistema de avaliación vai asociado a repasos constantes dos coñecementos en proceso de adquisición co fin de proporcionar aos estudantes a retroalimentación necesaria para mellorar a súa tarefa de aprendizaxe. Ao remate de cada unidade farase unha análise das novas competencias dos alumnos mediante a realización de preguntas de comprensión, textos para completar, exercicios de asociación e tests. Este paso é moi importante no proceso de aprendizaxe xa que os alumnos poden comprobar así as súas novas capacidades, coñecer mellor os seus puntos débiles e fortes, comprender e corrixir os seus erros, saber o que precisan aprender mellor e fixar así uns obxectivos máis claros. A avaliación guiarase por tres puntos :

- detectar os parámetros que permitan progresar na aprendizaxe.
- desenvolver a auto-corrección e a reflexión sobre a causa dos erros.
- permitir a maior liberdade posible de expresión.

10.1. Criterios de avaliación

Remitímonos ao cadro final para os criterios de avaliación correspondentes aos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º ESO, e 1º e 2º de Bacharelato.

Como resumo, á hora de avaliar ao alumno teranse en conta os diferentes aspectos:

* Comprender e extraer a información global ou específica de mensaxes orais o escritos adecuados ao seu nivel.

* Participar en conversacións breves utilizando as estratexias adecuadas para iniciar (primeiro ciclo) e facer progresar a comunicación (segundo ciclo, Bacharelato), adaptándoas ao contexto do alumno.

* Ler de maneira autónoma utilizando correctamente o dicionario, textos sinxelos (primeiro ciclo) e máis complexos (segundo ciclo, Bacharelato) de distintas tipoloxías textuais: publicidade, cómic, anuncios, advertencias...

* Redactar con certa autonomía textos sinxelos compostos por frases simples (primeiro ciclo) correspondentes a distintas situacións de comunicación.

* Redactar textos compostos por frases simples pero facendo xa fincapé na competencia discursiva da fala (conectores...) (Segundo ciclo).

* Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos durante o curso de maneira a auto-corririse e como recurso para comprender mellor as producións alleas.

* Utilizar as estratexias comunicativas que se posúan para facerse entender e superar as posibles dificultades de comunicación.

* Participar en actividades de grupo sendo tolerantes para cos erros dos outros ou das posibles dificultades que xurdan.

* Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.

* Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e a propia e mostrar respecto cara a estes.

* Avaliación formativa: para obter información constante sobre se o proceso de ensino/aprendizaxe se adapta ás necesidades e posibilidades do alumno.

10.2. Criterios de corrección

a) Criterios de corrección das probas de comprensión oral e escrita.

Á hora de cualificar as probas de comprensión oral e escrita non se terán en conta os posibles erros ortográficos ou de expresión (sempre que a resposta sexa comprensible) xa que se trata de avaliar a comprensión, non a expresión. Nos tests de opción múltiple ou de verdadeiro/falso, as respostas erróneas poderán descontar puntos.

b) Criterios de corrección das probas de expresión oral

• **A adecuación.** Con este criterio se mide o cumprimento das pautas e puntos estipulados para a tarefa a efectuar: duración das intervencións, relevancia do contido, adecuación ó rexistro esixido pola situación, etc. No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables e o alumno terá un cero na proba (ou nesa parte, no caso de que a proba inclúa varios exercicios).

• **A fluidez.** O alumno debe ser quen de desenvolverse cun ritmo aceptable. Non interromperá a comunicación con pausas demasiado extensas que impidan seguir o fío argumental do seu discurso.

- **A coherencia e a cohesión.** Con este criterio se mide a organización da información e das ideas e o mantemento da liña discursiva para que non haxa saltos lóxicos que impidan ou dificulten a comprensión do texto. A cohesión se reflicte, por exemplo, no uso adecuado de conectores discursivos, de mecanismos de referencialidades e de patróns de entoación, así coma en que a organización do discurso sexa adecuada: no monólogo, que se manteña a estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión do tema; no diálogo, que se manteñan as quendas de palabra e se apliquen estratexias de cooperación e mantemento, reorientación e conclusión do tema.

- **A riqueza do discurso.** Este criterio mide a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas sintáctico-discursivas empregadas.

- **A corrección gramatical, léxica e fonética.** O alumno debe ser quen de empregar correctamente as estruturas gramaticais e o léxico visto na clase. Pode haber algún erro que non dificulte a comprensión. No que atinxe á pronuncia, o alumno pronuncia aceptablemente a maioría do léxico empregado. Non hai erros importantes que impidan a comprensión do discurso. Nota importante: no caso de que a pronuncia sexa tan mala que faga o discurso totalmente incomprendible, facendo imposible a valoración dos demais criterios de corrección, a nota do alumno será 0.

c) Criterios de corrección da expresión escrita

- **A adecuación.** Con este criterio se mide o cumprimento das pautas e puntos estipulados para a tarefa a efectuar: duración das intervencións, relevancia do contido, adecuación ó rexistro esixido pola situación. No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa esixida, os demais criterios non serán aplicables e o alumno terá un cero na proba (ou nesa parte, no caso de que a proba inclúa varios exercicios).

- **A coherencia e a cohesión.** Con este criterio se mide a organización da información e das ideas e o mantemento da liña discursiva (introdución, desenvolvemento, cambio e conclusión do tema), para que non haxa saltos lóxicos que impidan ou dificulten a comprensión do texto. A cohesión se reflicte na disposición e unión de oracións e parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos, de mecanismos de referencialidade e dos signos de puntuación.

- **A riqueza do discurso.** Este criterio mide a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas.

- **A corrección gramatical, léxica e ortográfica.** O alumno debe ser quen de empregar correctamente frases feitas, estruturas verbais e nominais e dominar o uso dos tempos. Pode haber algún erro que non dificulte a comprensión. As palabras deberán estar correctamente escritas tanto no que respecta á ortografía léxica coma gramatical

10.3. Criterios de cualificación

A hora de avaliar ao alumno teranse en conta os seguintes factores:

1- PRUBAS DE COMUNICACIÓN ESCRITA E ORAL.

PRUBAS ESCRITAS:

Realizaranse un ou dous exames, ao longo do trimestre que abranguerán preguntas escritas (gramática e vocabulario), comprensión escrita, produción escrita, cultura e civilización)

Gramática e vocabulario	5 puntos (50%)
Comprensión escrita, cultura e civilización	1 punto(10%)
Produción escrita, cultura e civilización	1 punto (10%)

PRUBAS ORAIS:

Haberá unha ou máis probas de expresión e comprensión oral ao longo de cada trimestre.

Expresión oral (cuestionarios breves, entrevistas, diálogos preparados, jeux de rôle, exposés).	1 punto (10%)
Comprensión oral: (ditados, escoita con preguntas de comprensión ou test para completar)	1 punto(10%)

2- OBSERVACIÓN DO TRABALLO E SEGUIMENTO DIARIO DOS ALUMNOS

O alumno deberá presentar unha avaliación positiva nos seguintes aspectos:

Observación do traballo na aula: participación e atención na clase.	0,5 punto (0,5%)	1 punto (10%)
Realización das tarefas diarias na casa (caderno) e entrega de traballos.	0,5 punto (0,5%)	

TOTAL: 10 PUNTOS

A nota final, ao ser materia de contidos progresivos, será a da terceira avaliación. Nembargantes, estableceranse mecanismos para recuperar a materia suspensa, que consistirán na realización de probas específicas ou na entrega de traballos.

Para a nota final terase en conta a influencia positiva ou negativa dos criterios de cualificación recollidos no punto 2, así como as anotacións feitas no caderno do profesor. Deste xeito, cando a nota acade o decimal 0,5 ou máis, poderase redondear ao número enteiro inmediatamente superior.

Nas convocatorias extraordinarias de xullo (2º Bacharelato) **ou setembro**, a recuperación da materia farase por medio dun único exame escrito, sobre os contidos mínimos recollidos na presente programación. Para a nota final, establecerase a técnica do redondeo.

ACLARACIÓNS:

1. Se durante a realización das probas escritas, algún alumno emprega métodos irregulares (móvil, auriculares) ou materiais que lles servan para solucionar ditas probas (“chuletas”), o profesor retiraralle automaticamente a proba que será cualificada negativamente, e realizará un novo exame, cando corresponda, aténdose ás consecuencias que poida ter este feito a nivel das Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF).

2. Aqueles alumnos que falten inxustificadamente a algunha proba non terán dereito á repetición da mesma noutra data. A efectos de calcular a nota media, considerarase que a súa nota na proba foi 0. Só se considerará a efectos de xustificación, calquera documento que demostre a asistencia, durante o periodo no que se desenvolva a proba, a un centro de saúde ou complexo hospitalario. Neste documento figurará a data e a hora de asistencia, o nome e apelidos do alumno/a, así como o selo do centro sanitario ou a identificación da persoa que emite dito xustificante. Nestes casos, o alumnado deberá amosar o xustificante ao profesor da materia, realizándose a proba o primeiro día de incorporación á clase.

3. Os alumnos que se incorporen ás clases co curso xa empezado deberán pasar tódalas probas correspondentes ó trimestre no que se incorporan, así coma ós trimestres posteriores. En canto ós trimestres anteriores á súa incorporación ás clases, se lles manterán as notas obtidas no centro de procedencia.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Nas reunións semanais que fará o departamento, farase un seguimento das programacións nos distintos grupos e en cada caso faranse as correccións e modificacións necesarias. Estas dependerán do nivel dos grupos, dos coñecementos previos dos alumnos, da actitude dos mesmos en función de cada unha destas variables iremos modificando o que corresponda.

Hai catro aspectos fundamentais na práctica docente:

1. Planificación.

2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento do ensino.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

Pódense establecer indicadores de logro para os catro eixes, aos que se lle aplicará unha valoración de cero a cinco, e unha proposta de mellora.

Planificación: indicadores

- Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.
 - Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
 - Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
 - Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
 - Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
 - Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
-
- Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Motivación do alumnado: indicadores

- Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
 - Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).
 - Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
 - Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
 - Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
 - Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
-
- Promove a reflexión dos temas tratados.

Desenvolvemento do ensino: indicadores

- Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade.
- Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...

- Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
 - Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
 - Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
 - Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
 - Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
 - Expón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
-
- Expón actividades grupales e individuais.

Seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe: indicadores

- Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
 - Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
 - Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
 - Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
 - Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
 - Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
 - Favorece os procesos de autoevaluación e coevaluación.
 - Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
 - Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
 - Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
-
- Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

Co obxecto de facilitar aos alumnos a superación da materia pendente, o Departamento didáctico de lingua francesa propón o seguinte plan de traballo. Haberá unha proba final no mes de maio e outra final en setembro para os alumnos que non recuperaron a materia.

12.1. Actividades de seguimento

Se o alumno segue a cursar a materia de Francés no presente curso, tendo pendente o curso anterior, e dado o carácter progresivo da materia, o seguimento farase nas propias horas de clase. Poderíanse repasar contidos do curso precedente, xa sexa para todo o grupo (a modo de reforzo colectivo) ou para o alumno pendente de maneira específica.

Se non cursa no presente ano a materia de Francés, facilitaríanselle fichas de recuperación pendentes para axudarlle a acadar os obxectivos do curso pendente. As devanditas fichas serán devoltas, debidamente cumprimentadas polo alumno, e o profesor procederá á súa corrección e/ou explicación pertinente.

12.2. Recuperación e avaliación de alumnos pendentes: plans de traballo, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

O Seminario de Francés programará unha proba extraordinaria no mes de Maio para avaliar aos alumnos coa materia suspensa do ano anterior. A devandita proba comunicarse, alomenos, cun tempo de dúas semanas de antelación.

Procedemento para superar as materias pendentes

Os alumnos que teñan que recuperar o francés de cursos anteriores poderán facelo dos seguintes modos:

a) Aprobando o primeiro trimestre do curso inmediatamente superior.

b) Os alumnos que teñan o francés pendente e non aproben polo procedemento descrito anteriormente deberán:

- entregar feitas as actividades de repaso que se lles entregarán nas datas que fixe o Departamento.

- presentarse a un único exame no mes de maio, na data que fixe a xefatura de estudos, que avaliarán a competencia comunicativa do alumno.

Os alumnos que non aproben a materia en xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro nas mesmas condicións ca ó exame de maio.

Instrumentos de avaliación : **Dossiers de actividades e exames escritos.**

O departamento elaborará, conforme ó temario e ás características dos alumnos, unha serie de dossiers de actividades que serán entregados ós alumnos e que estes deberán devolver feitos a finais dos meses de decembro e abril, nas datas que fixe o departamento.

DOSSIERS	40%
EXAMEN DE MAIO	60%

Se o alumno non presenta o dossier proposto polo departamento, o exame de maio contará o 100 %.

12.2.1. Contidos esixibles

Serán os correspondentes ao curso pendente.

12.2.2. Programa de reforzo aos alumnos coa materia pendente

Os alumnos coa materia de Francés pendente do curso anterior, de habelos, estarían a cursala tamén no presente curso. Dado o carácter progresivo dos contidos da programación, se superan con nota igual ou superior a 5 os contidos correspondentes á 1ª avaliación do curso actual, daranse por superados tamén os do curso anterior.

13. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao longo das dúas primeiras semanas do curso considerarase a conveniencia de reforzar os contidos máis salientables vistos no curso anterior se resulta pertinente, a modo de avaliación inicial completa e rigorosa. O carácter progresivo dos contidos lingüísticos da materia permitirá homoxeneizar o grupo de alumnos, antes de afrontar os contidos do presente curso. Non obstante, o devandito período de proba inicial axudará a posibles alumnos, incorporados ao grupo recentemente, a poñerse ao día na dinámica das clases e na actualización dos contidos previos, e non será considerado como mera recuperación de contidos xa esquecidos, tarefa que compete ao/á estudante no seu traballo individual.

A avaliación estará centrada no alumno e no seu proceso de aprendizaxe, atendendo ás necesidades de cada un polo que a análise destes (**AVALIACIÓN INICIAL**) é imprescindible. Esta avaliación inicial levarase a cabo ao principio do curso para dispor de datos referidos á consecución de obxectivos e á de competencias básicas, así como para contrapor resultados iniciais e finais. A avaliación inicial terá lugar a través dos seguintes procedementos:

- Probas escritas específicas referidas aos contidos do curso pasado que teñan relación co curso presente.
- Observación e análise das actividades que se realicen durante o primeiro mes.
- Observación e análise das saídas ao encerado e preguntas de clase.
- Observación e análise da lectura de textos e comprensión dos mesmos por parte de cada un dos alumnos/as do grupo.
- Observación e análise da forma de expresarse e o vocabulario empregado nas intervencións feitas polo alumnado na posta en común de actividades ou durante o desenvolvemento das clases.
- Reacción do alumno/a ante diferentes tarefas.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN À DIVERSIDADE

Un dos elementos que máis potenciaba LOE e que se segue a potenciar coa LOMCE é a atención á diversidade. É evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previos de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante o ensino.

Para permitir a participación activa de todo o alumnado este Departamento propondrá:

-Actividades abertas e flexibles que permitan ao alumno/a progresar segundo o seu propio ritmo de aprendizaxe.

-Actividades complementarias de reforzo e ampliación. Inclúranse materiais didácticos variados que permitan atender tanto aos alumnos que teñen dificultades para acadar os obxectivos, como a aqueles que progresen máis rápido.

A atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumno encontre as condicións óptimas para desenrolar con éxito a súa aprendizaxe. Polo tanto flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada se se quere atender adecuadamente á diversidade dos alumnos.

Esta diversidade queda reflectida nas diferencias que presentan os alumnos en canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto á materia, neste caso, o francés.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- As súas actitudes con respecto á escola.

Medidas para alumnos con dificultades puntuais na materia:

- Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.
- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Bibliografía adicional e relación de webs que permitan ós alumnos repasar e afondar nos aspectos máis complexos traballados na aula.

Medidas para alumnos con necesidades educativas especiais

- Exención da materia de 2ª lingua estranxeira.
- ACI: nesta materia non acostuma a haber adaptacións curriculares, pois xeralmente, eses alumnos van a reforzo, e teñen exención da materia Segunda lingua estranxeira. En todo caso, as adaptacións curriculares elaboraranse seguindo as directrices do Departamento de Orientación e incorporaranse a adaptación curricular individual establecida para cada alumno. Unha vez elaboradas e aprobadas, as adaptacións anexaranse á presente programación.
- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- Adaptación de tempos e/ou materiais nas probas.

Medidas de atención para o alumnado repetidor:

- No caso de alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de francés pero están repetindo por suspender outras materias, se lles propondrán actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa.

15. PROCEDIMENTOS PARA A ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS NO BACHARELATO

No primeiro curso de Bacharelato, a avaliación inicial permite coñecer o nivel do alumnado; valoraránse as catro destrezas de comunicación: expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita.

Pódense realizar probas escritas como as seguintes: exercicios para completar, test de vocabulario e de gramática, responder a preguntas sobre un texto, describir fotografías ou debuxos, escribir unha mensaxe ou carta, unha redacción, etc. As probas escritas poden ser: actividades de comprensión oral, lectura dun texto, realización dun diálogo, descrición de fotografías ou imaxes...

De tódolos xeitos, prestaráselle a este alumnado unha atención o mais individualizada posible, especialmente durante o primeiro trimestre, para o adecuado seguimento da materia

Cando algún alumno de 2º de Bacharelato elixe a materia de francés sen tela cursada en 1º, o departamento poderá realizar unha proba de acreditación ao comenzo do curso para comprobar que o alumno é quen de poder acadar os obxectivos da materia de 2º. (DOGA martes 8 de agosto de 2017): “ o profesor do grupo no que se atopa faralles un seguimento en cada avaliación e comprobará se superan os mínimos esixibles. De ser así, daráselle por superado o nivel anterior. De non superalos terán dereito a unha proba final”.

16. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

A materia de francés contribuirá á educación en valores do alumnado, fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

- A educación na responsabilidade, o mérito e o esforzo individual.

- A motivación do alumnado.

- A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, e especialmente no do acoso escolar.

- O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

- A educación para a paz, o respecto dos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o

respecto polos seres vivos e o medio ambiente, en particular, polos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como elemento enriquecedor da sociedade.

Transmitiremos estes valores a través das actitudes, dos comportamentos concretos e das decisións que se toman no día a día das clases.

En tódalas unidades se trata algún dos seguintes temas transversais:

Educación en valores na segunda lingua estranxeira

Educación para a convivencia

Fórmulas de cortesía, relacións entre alumnos e profesores, respecto aos demais, familia, traballo voluntario, pluralidade de culturas que cohabitan en Francia. En clase: diálogo, tolerancia, sentido do humor, cooperación.

Educación para a saúde

Deportes e vacacións, vida ao aire libre, protección da natureza, alimentación equilibrada.

Educación para a paz

Respecto e tolerancia hacia a diferenza. Convivencia no grupo clase.

Educación de consumidor

Defensa dos dereitos do consumidor, atractivo dos eslogans.

Educación non sexista

Homes e mulleres no mundo do traballo, heroes e heroínas. En clase: rechazo de calquera prexuízo sexista.

Educación ambiental

Importancia da natureza por si mesma e como elemento fundamental do noso ocio, defensa do medio ambiente e dos animais.

Educación vial

A educación vial como materia escolar.

Educación para Europa

Festas e calendario, cultura xeral, símbolos da Unión Europea, símbolos de Francia, francofonía.

Educación multicultural

Linguas estranxeiras, palabras internacionais, préstamos culinarios e lingüísticos, produtos e personaxes do mundo francófono, celebracións mundiais, sistema escolar en Francia e noutros países, desigualdade de oportunidades, turismo, cursos de idiomas no estranxeiro, visión global do mundo (horarios, ...)

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

17.1. Actividades complementarias

Consideraranse como válidas e poderán introducirse na secuencia todas aquelas actividades que, relacionadas con ela, favorezan a interacción dos alumnos, os motiven e axuden á aprendizaxe, como por exemplo:

- a lectura de libros de lectura, axeitados ó nivel dos alumnos, en todos os cursos da ESO e no Bacharelato
- a utilización de vídeos didácticos
- a utilización de fragmentos de películas debidamente preparados para a súa explotación pedagóxica na aula
- as cancións e os xogos
- posibilidade de organizar un concurso de gastronomía francesa, coa participación activa por parte dos alumnos estudando as receitas e preparando os pratos
- a posibilidade de establecer contactos directos entre os nosos alumnos e nativos franceses que visiten algún lugar perto do noso centro, e con motivo dalgún acontecemento.
- a posibilidade de visitas culturais sempre que se produza algún acontecemento cultural relacionado con Francia ou calquera outro país francófono.
- posibilidade de establecer contactos a través de Internet (chats, e-mails) con rapaces francófonos do mundo enteiro
- Murais e exposición de traballos dos alumnos
- Posibilidade de asistir a unha obra de teatro en francés

Consideraranse útiles todas aquelas actividades que favorezan a interacción dos alumnos e alumnas e que lles axuden, motivándolles, a mellorar as súas destrezas en lingua estranxeira.

17.2. Actividades extraescolares previstas para o curso 2020-2021

(supeditadas á evolución do coronavirus)

Nivel	Nome da actividade	Datas aproximadas
ESO, Bac	Journées gastronomiques françaises. Degustación e preparación de crêpes coa colaboración da food-truck bretona "La Marinière"	2º trimestre
ESO, Bac	Participación no concurso das "Xornadas	3º trimestre

	Pedagógicas de Francés”, ás que asistirán as profesoras, presentando a concurso os traballos dos alumnos *	
ESO, Bac	Intercambio por correspondencia (vídeos, mensaxes, cartas ou correos electrónicos) con alumnos dun centro escolar francés	2º- 3º trimestres
1º e 2º Bac	Preparación para as probas DELF	2º- 3º trimestres
ESO, Bac	Concurso on-line de preguntas sobre cultura e civilización francesa: “Questions pour un champion”.	3º trimestre

* Xornadas Pedagógicas de Francés, nas que participará o profesor como asistente, e nas que os alumnos presentarán a concurso os seus traballos sobre o tema proposto nese ano. Nestas Xornadas ofréceselle aos docentes un amplo abano de material de traballo para o alumnado de Francés, así como a posta en común de experiencias por parte dun bo número de docentes desta materia.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Debemos ter en conta que, no currículo de Francés 2ª Lingua Estranxeira pode darse o caso de que alumnos que non cursaran esta materia con anterioridade, poidan escollela en 3º, 4º da ESO ou 1º de Bacharelato, de tal maneira que é habitual, nestes cursos, a existencia de dous ou máis niveis no mesmo grupo.

Aínda que estes alumnos, pola experiencia dos anos precedentes, amosan unha boa capacidade de adaptación ó nivel medio do grupo, o profesor considerará a posibilidade de adapta-la presente programación en función do nivel de coñecementos previos dos alumnos en cuestión.

O seguimento e avaliación da presente programación é unha tarefa diaria. Entendemos proveitosa a mesma, na medida en que sexa operativa no noso labor cotiá de docentes. Nos resultados da avaliación ao final de cada trimestre, tamén se inclúen un resumo das apreciacións e consideracións feitas polos profesores que imparten a materia. Estas apreciacións quedarán consignadas nas actas correspondentes do departamento.

Entendemos esta programación como algo vivo, e por ende, susceptible de cambios ou modificacións, tendentes todos eles a acadar os obxectivos fixados de forma máis axeitada e con máis solvencia e rigor.

O profesorado avaliará por unha parte a programación didáctica e por outra o proceso de ensino-aprendizaxe e da práctica docente, en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo.

Así pois, en canto aos elementos da programación didáctica teranse en conta:

- A selección de contidos e obxectivos, que se adecuarán ao alumnado.
- Distribución dos contidos das diferentes unidades didácticas, que deberán estar equilibrados.
- A metodoloxía utilizada: a idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e das diferentes actividades contidas nas unidades didácticas.
- A adecuación dos criterios de avaliación e cualificación
- Resultados das medidas de atención á diversidade adoptadas.

No que se refire á autoavaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da práctica docente, teremos en conta os seguintes elementos:

- Organización da aula: planificación do tempo, ritmo nas clases, claridade nas explicacións, resolución de dificultades.
- Aproveitamento dos recursos do centro para estimular a aprendizaxe dos alumnos mediante textos e materiais adecuados, con bibliografía recente.
- Variedade metodolóxica: actualización da práctica docente, adecuación de actividades ás necesidades educativas do alumnado e aos obxectivos propostos.
- Criterios de avaliación. Resultados da avaliación.
- Desenvolvemento e adecuación das actividades complementarias e extraescolares.

Así pois o profesor deberá ter en conta todos estes factores e facer unha autoavaliación reflexiva, para así poder corrir os erros detectados, ou axustar a programación ás necesidades do alumnado co que conta.

Tamén incluimos a posibilidade de facer unha avaliación do profesor por parte do alumnado, mediante unha enquisa anónima que se realizará ao final de cada avaliación. Esta enquisa recollerá aspectos como os seguintes:

Puntualidade, seriedade e disciplina, motivación e interese, clima de traballo, libros, materiais e medios didácticos aportados, claridade nas explicacións, organización e ritmo de traballo, sistema de avaliación. Así mesmo, haberá un apartado de observacións onde os alumnos poderán aportar as súas queixas e suxestións para mellorar a práctica docente.

Os resultados da enquisa aportaranos datos para a mellora da práctica docente.

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tras os resultados	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tras os resultados	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
	académicos obtidos.	resultados académicos obtidos.	académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse e parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos	Os materiais e recursos	Os materiais e recursos	Os materiais e recursos	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
didáticos	didáticos non foron adecuados.	didáticos foron parcialmente adecuados.	didáticos foron completamente adecuados.	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didáticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didáticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didáticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didáticos e pedagóxicos	Os métodos didáticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didáticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didáticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

19. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Por iso garantírase un tempo adicado á lectura en lingua francesa, en tódolos cursos da etapa.

O obxectivo é desenvolver a linguaxe, incrementar o vocabulario, desenvolver a capacidade de ler cunha velocidade e comprensión adecuadas. Intentarase promover o interese, o gusto e a necesidade pola lectura, así como tamén estimular o entusiasmo polo saber e coñecer doutras culturas diferentes á nosa. Para conseguilo, proporemos aos alumnos a lectura de todo tipo de textos, tanto dentro como fóra da aula:

- libros de lectura e cómics adecuados a cada nivel, e que traten temas interesantes para os adolescentes. Poderanse traballar fragmentos na aula, en voz alta.

- textos e documentos auténticos: folletos, trípticos informativos (museos, zoos, parques de atraccións, billetes de metro, anuncios de produtos, etc.)

- revistas seleccionadas conforme ao nivel dos alumnos : *Images doc*, *Okapi*. O Departamento de Francés tentará de contar coa suscripción mensual á revista *Images. doc*, que os alumnos poden consultar na Biblioteca do centro, coa posibilidade de levala en calidade de préstamo.

- xornais en lingua francesa (*Le Monde, Le Figaro...*), que tamén se poderán ler on-line.
- textos variados que se lerán na aula: diálogos en situacións de comunicación real, relacionados cas unidades que se traballen na aula.

Así garantiremos a dedicación real dun tempo mínimo para a lectura en lingua francesa. Ademais os alumnos teñen a oportunidade de ler e comentar na clase diversos libros en francés, adaptados ao nivel dos participantes.

20. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

A finalidade destas accións é que as novas tecnoloxías da información e da comunicación se incorporen como un recurso mais aos procesos de ensino-aprendizaxe; isto implica un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e comunicación ofertan.

Preténdese que o alumno ao rematar a escolarización obrigatoria acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecementos.

Así pois, desde a materia de lingua francesa, empregaranse as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula, sempre que a ubicación dos encerrados dixitais nolo permitan.

As actividades propostas, son as seguintes:

- Utilización dos libros dixitais, e por conseguinte, utilización dos encerrados dixitais.
- Utilización da aula virtual do centro.
- Explicacións, usando o canón informático.
- Busca de informacións en Internet, en páxinas en lingua francesa (traballos sobre escritores, pintores, cantantes franceses...): uso de procesadores de texto.
- Traballar con *webquest* (*chasse au trésor*), *miniwebquest*, asignando aos alumnos tarefas claras e concretas, indicándolle as fontes (páxinas web) que deben visitar, e por último avaliando o resultado desa produción por parte do alumno. Neste caso, os grupos de 1º da ESO teñen a posibilidade de traballar cos ordenadores E-dixgal.
- Visitas virtuais: museos (Le Louvre, Orsay...) Visitas de parques (Disneyland, Astérix...)
- Actividades de simulación real: preparar unha viaxe a París (aloxamento, viaxe....)
- Visualización de vídeos e películas relacionadas co mundo francófono.
- Chats en lingua francesa: redes sociais.
- Xogos en francés: *le pendu, le jeu de l'oie...*
- Visitas a páxinas web específicas para a aprendizaxe do francés, como pode ser *le point du fle* ou *le français facile*.

21. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Na programación didáctica do departamento trabállanse valores co fin de acadar obxectivos como: educar nos principios da convivencia pacífica e nos valores democráticos, favorecer a mellora da convivencia no Centro, transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, educar para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, asumir responsablemente os seus deberes, así como coñecer os seus dereitos.

Para acadar estes obxectivos, na programación didáctica do departamento, aparecen reflectidas as actuacións que se levan a cabo para acadar a competencia cidadá e social. Competencia que permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

En resumo, implica comprender a realidade social na que se vive, afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e os deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

As accións encamiñadas á contribución ao Plan de Convivencia do Centro desde o Departamento de francés serán:

- Formular propostas na CCP para mellorar a convivencia no centro e detectar posibles condutas problemáticas.
- Planificar situacións didácticas de “aprendizaxe cooperativa” para mellorar o clima da aula e facilitar a socialización.
- Fomentar a dinámica de grupos para potenciar as habilidades sociais e as interrelacións.
- Detectar posibles problemas de integración, adaptación, conduta, acoso ou intimidación que se poidan observar entre os discentes.
- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e nas actividades extraescolares, favorecendo o bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Promover a creación do ambiente de respecto mutuo na aula e a resolución pacífica de conflitos.
- O profesorado prestará especial atención á prevención e detección de situacións de acoso escolar ou de discriminación de calquera tipo entre as persoas. De detectar algún, llelo comunicará as persoas competentes (titor ou xefe de estudos).
- Concienciar ós alumnos do valor dos recursos materiais e humanos postos á súa disposición e da súa obriga de aproveitalos.
- Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.

- Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula coma fóra dela, corrixiendo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Controlar as faltas de asistencia así como os atrasos do alumnos e rexistrarlos no Xade.
- Elaborar materiais para o alumnado expulsado da aula, ben porque vaia á aula de convivencia ou porque estea expulsado temporalmente do centro.
- Posibilidade de realizar un curso sobre Convivencia e Igualdade organizado polo centro.

22. DESEÑO CURRICULAR 1ºESO

22.1. Obxectivos

Esta materia non contribúe na mesma medida á consecución de todos eles. Contribúe sobre todo á consecución dos obxectivos a), c), d), i), que son os seguintes:

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Comprender e expresarse en francés de maneira apropiada.

22.2. Contidos, actividades e temporalización

Os contidos da materia de francés 2ª lingua estranxeira están organizados en cinco bloques. Aqueles contidos e actividades correspondentes ós catro primeiros bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos) traballaranse dun xeito continuo, nos tres trimestres e en todas as unidades didácticas previstas. Aqueles correspondentes ó quinto bloque (a competencia comunicativa) son acumulativos: iranse introducindo de xeito secuenciado e o alumno deberá incorporalos na súa fala e na súa escrita reutilizándoos ó longo do curso e incluso en cursos posteriores.

Bloque 1. Comprensión de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B1.1- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. - Identificación de palabras clave. -Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). - Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. -Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. <p>B1.2-Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3-Perseveranza no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulación do dito.</p> <p>B1.4- Memorización de expresións orais breves significativas : saúdos, despedidas, preguntas sobre información persoal, consignas de aula, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Ejercicios de comprensión global e específica de documentos gravados, sonoros e audiovisuais. - Escoita de cancións. -Memorización de expresións orais breves. -Análise das situacións comunicativas nas que se desenvolven os diálogos. - Uso do francés como lingua de comunicación na aula: comprensión das explicacións e instrucións do profesor. -Comprensión do interlocutor nos <i>jeux de rôle</i>. 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>
Bloque 2. Producción de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B2.1- Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. -Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser 	<ul style="list-style-type: none"> -Participación en “<i>jeux de rôle</i>” e pequenos <i>sketches</i> elaborados polos alumnos. -Participación en conversas de distinto tipo: realización de enquisas, entrevistas, etc. -Lectura en voz alta, memorización e representación de diálogos - Xogos. 	<p>De xeito continuado durante o curso.</p>

<p>o caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Re-axuste da tarefa (emprender unha máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e para-lingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: modificación de palabras de significado parecido, definición ou paráfrase dun termo ou expresión, uso da lingua materna ou estranxeirización de palabras da lingua meta, petición de axuda. - Para-lingüísticos: sinalar obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado; uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal); uso de elementos cuasi-léxicos (<i>hum, puah</i>, etc.) de valor comunicativo. <p>B2.2- Actitude de respecto cara a si mesmo e cara as demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3- Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Presentacións orais individuais ou en grupo. - Uso do francés como lingua de comunicación na aula. 	
---	---	--

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B3.1- Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e para-textuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2- Soletreo e asociación de grafía,</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Exercicios de comprensión e análise de textos escritos de distintos tipos: descrições, narracións, correspondencia, horarios, regulamentos, listas, anuncios, páxinas web, cómics, etc. -Lectura en voz alta. 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.		
--	--	--

Bloque 4. Producción de textos escritos

Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B4.1- Estratexias de produción:</p> <p>- Planificación:</p> <p>- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso de dicionarios e gramáticas, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos para elaborar os propios textos.</p> <p>- Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturação do contido do texto. Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade, axustándose ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Re-axuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Recurso ós coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións do tipo “agora volvo”, “páreceme ben”, etc.)</p> <p>- Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e ós signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>- Creación de textos escritos a partir de modelos analizados previamente.</p> <p>- Redacción de textos escritos a partir dun guión, borrador ou esquema.</p> <p>- Creación libre ou semi-libre de textos escritos.</p> <p>- Exercicios guiados de expresión escrita: <i>cloze</i>, completar frases ou textos, modificar ou reformular frases, etc.</p> <p>- Cumprimentar formularios e cuestionarios</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia multi-cultural e plurilingüe

Contidos temporalizados	Actividades
-------------------------	-------------

<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: <u>1º trimestre:</u> - Os sons do francés: cadro xeral. - A pronuncia do final das palabras: a sílaba tónica, as consonantes finais, desinencias verbais, marcas de xénero e número... - Os grupos vocálicos e consonánticos característicos do francés. Correspondencia entre grafía e pronuncia. <u>2º trimestre:</u> - A pronuncia das desinencias verbais. - A <i>liaison</i>. <u>3º trimestre:</u> - Discriminación masculino/feminino. -Os sons franceses.</p>	<p>- Lectura en voz alta.</p> <p>-Ejercicios de identificación, discriminación e clasificación de fonemas.</p> <p>-Ejercicios de reproducción de sons.</p> <p>- Trabalinguas</p>
<p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: <u>De xeito continuado durante todo o curso:</u> - Ortografía correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. - Uso adecuado dos signos de puntuación: coma, punto, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses, comiñas e guións.</p>	<p>-Ejercicios de ortografía.</p>
<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <u>1º trimestre:</u> - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira (uso de <i>tu / vous</i>, uso de fórmulas de cortesía axeitadas: saúdos, despedidas, agradecementos, etc.) - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: o Nadal e as festas de fin de ano en Francia, os patronímicos en Francia, a francofonía e a situación do francés no mundo. A escola en Francia. - Identificación de similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países francófonos e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. <u>2º trimestre:</u> - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: a xeografía de Francia. - Identificación de similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países francófonos e o noso - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. <u>3º trimestre:</u> - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: a organización do tempo e as vacacións dos franceses, - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países francófonos e o noso: os horarios - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa.</p>	<p>-Recoñecer aspectos socioculturais en distintos tipos de documentos: correspondencia, horarios, formularios, etc.</p> <p>- Busca de información sobre diversos temas culturais.</p> <p>- Realización de exposicións sobre aspectos culturais de Francia e outros países francófonos.</p> <p>- Producir textos orais e escritos que teñan en conta os factores socioculturais.</p>
<p>B5.4. Plurilingüismo:</p>	

<p><u>De xeito continuado durante todo o curso:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e no que se traballan contidos transversais , evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	
<p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar. Contar. Soletrear palabras. - Presentarse e presentar a alguén. Identificar persoas. - Preguntar e dar informacións persoais: o nome, a idade, onde vives, a data do aniversario, o número de teléfono, etc. Cubrir formularios e fichas de inscrición. - Expresar gustos e preferencias. - Redactar unha postal de felicitación (de aniversario ou do nadal). - Dicar a data e felicitar o aniversario. Dar as grazas. -Falar do material escolar e das materias preferidas. -Identificar obxectos -Describir persoas. -Situarse no espazo. <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar da familia. - Contar ata 100. - Comprender un número de teléfono. - Describir animais - Falar da familia: describir o físico e o carácter dunha persoa. - Expresar a dor. - Comprender e completar un horario. - Identificar e pedir obxectos. - Expresar ordes e consellos. - Falar das actividades: deportes... - Comunicarse na aula. Comprender as instrucións na clase. - Pedir permiso. - Cubrir unha ficha de datos persoais. - Escribir cartas persoais. - Expresa-la posesión. <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir unha cidade /barrio. - Narrar o que se fai na vida cotiá: actividades cotiás, de lecer, tarefas domésticas - Dicar a hora e a data. - Situarse as accións no tempo. Establecer unha cronoloxía. -Pedir comidas - Comprar e comentar a roupa. -Expresar desexos. 	<p><i>Jeux de rôle.</i></p> <p>Lectura e análise de documentos escritos, orais e audiovisuais.</p> <p>Presentacións orais breves. Redacción de diversos tipos de documentos: descrições, relatos, regulamentos, correspondencia, etc.</p>
<p>B5.6. Léxico básico de uso común relativo a:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p>	<p>Elaboración de fichas,</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Os números ata o 100. O alfabeto. Os meses do ano. - Saúdos, despedidas e fórmulas de cortesía: <i>merci, s'il vous plaît...</i> - O colexio. A aula. As materias escolares. O horario. - Algúns países, capitais e nacionalidades. Algunhas profesións. - O material escolar. As cores. - Léxico relacionado co Nadal: <i>joyeux Noël, bonne année, sapin, cadeaux, nouvel an...</i> <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Os días da semana. - As profesións. - As actividades da aula. - As fórmulas máis habituais da comunicación na clase. - Fórmulas típicas da correspondencia persoal. Saúdos e despedidas. - A familia. A familia política. La <i>famille recomposée</i>. <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - A descrición física e do carácter. - Os animais domésticos e algún salvaxes. - As actividades cotiás. Actividades de lecer. Tarefas domésticas. - As estacións do ano. - Os momentos do día. Conectores e adverbios de tempo e de frecuencia. - A roupa - As comidas 	<p>glosarios, léxicos temáticos e mapas conceptuais.</p> <p>Xogos memorísticos.</p> <p>Exercicios de léxico: completar frases ou textos, relacionar imaxes con palabras, frases ou textos, etc.</p>
<p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - O presentativo <i>c'est / ce sont</i>. - Os pronomes persoais suxeito. Os pronomes reflexivos. - A interrogación no rexistro informal e neutro. Os interrogativos. - O presente de indicativo dos verbos <i>être</i> e <i>avoir</i> - Uso de conectores básicos: <i>et, ou, avec, aussi</i>. - Os artigos definidos e indefinidos. <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - O presente dos verbos en -er. - A frase negativa. - O artigo contracto. - As preposicións de lugar. <i>Habiter à</i> + nome de cidade. <i>Habiter au/en</i> + nome de país. - Expresión de modo: <i>à, en</i>+medios de transporte. - Expresión da causa: <i>pourquoi? Parce que...</i> - O imperativo: dar ordes ou consellos <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - O presente dos verbos pronominais. - O presente dos verbos : <i>prendre, mettre, aller et sortir..</i> - A localización no tempo: conectores (<i>d'abord, puis, ensuite, enfin...</i>), adverbios (<i>aujourd'hui, demain, hier, avant, après</i>), momentos do día (<i>matin, après-midi, soir</i>), a hora. - Algúns adverbios de frecuencia : <i>toujours, jamais, souvent, quelquefois...</i> - Os artigos partitivos - A causa - <i>J'aimerais+infinitif</i>. 	<p>Exercicios estruturais: completar frases ou textos, transformar frases, ordenar palabras para formar frases, etc.</p> <p>Exercicios de conxugación.</p> <p>Elaboración de esquemas, resumos e mapas conceptuais</p>

22.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles

Bloque 1. Comprensión de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>1. Comprender preguntas e información sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ó comportamento na aula.</p> <p>2. Usar as estratexias básicas de comprensión traballadas na aula.</p> <p>3. Comprender o sentido global e as información específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ó ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible</p>	<p>SLEB1.1- Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2- Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3- Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4- Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>SLEB1.1- Comprende a maioría das preguntas básicas (moi sinxelas e habituais), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2- Comprende a maioría das frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas , e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3- Comprende o sentido global e a maior parte da información máis relevante de textos orais breves</p> <p>SLEB1.4- Comprende a maior parte da información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa .</p>	<p>Entrevistas profesor/ alumno</p> <p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas obxectivas de comprensión oral.</p>

Bloque 2. Producción de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B2.1- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. B2.3- Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas e facéndose entender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. B2.4- Dar e obter información sobre datos básicos persoais utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>SLEB2.1- Nas actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2- Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3- Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4- Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos e fai invitacións elementais e ofrecementos.</p> <p>SLEB2.5- Preséntase e dá e obtén</p>	<p>SLEB2.1- Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira</p> <p>SLEB2.2- Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas a maior parte do repertorio de preguntas traballadas na clase, aínda que cometa algún erro.</p> <p>SLEB2.3- Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender na maioría das situacións traballadas na clase</p> <p>SLEB2.4- Participa eficazmente, aínda que cometa erros, en conversas informais breves e moi básicas</p> <p>SLEB2.5- Preséntase eficazmente e dá e</p>	<p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas de expresión oral.</p>

	<p>información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas previsibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>obtéñ información básica e sinxela. A maior parte do que di é intelixible, aínda que cometa algún erro que poida dificultar a comprensión total.</p>	
--	---	---	--

Bloque 3 Comprensión de textos escritos			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B3.1- Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e ós coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e ós transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2- Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e previsibles, e traballadas previamente.</p> <p>B3.3- Comprender información</p>	<p>SLEB3.1- Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2- Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e previsibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3- Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>SLEB3.1- Comprende a maioría da información de textos adaptados relativos a temas traballados previamente.</p> <p>SLEB3.2- Comprende as ideas principais de avisos, obrigas e prohibicións básicas e previsibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3- Comprende a maior parte da información de correspondencia persoal breve.</p> <p>SLEB3.4- Comprende a maioría da información esencial e localiza moita información específica en material informativo sinxelo</p>	<p>Probas obxectivas de comprensión escrita.</p>

<p>relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4- Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>			
--	--	--	--

Bloque 4 Producción de textos escritos			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B4.1- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2- Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>SLEB4.1- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ós seus datos persoais e intereses ou afeccións .</p> <p>SLEB4.3- Escribe notas, listaxes, tarxetas</p>	<p>SLEB4.1- Elabora eficazmente, aínda que cometa erros, textos sinxelos a partir de modelos,</p> <p>SLEB4.2- Completa correctamente a maior parte dun cuestionario sinxelo.</p>	<p>Redaccións de diverso tipo (cartas, mails, narracións, descrições...) solicitadas ó longo do curso.</p> <p>Probas de expresión</p>

<p>B4.3- Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4-Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada</p>	<p>SLEB4.3- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros inmediatas.</p> <p>SLEB4.4- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>escrita.</p>
---	---	--	-----------------

Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B5.1- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. B5.2- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3- Utilizar para a comprensión e</p>	<p>SLEB5.1- Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo</p>	<p>SLEB5.1- Produce oralmente con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas traballadas na clase</p> <p>SLEB5.2- Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira traballadas</p>	<p>Probas de expresión oral.</p> <p>Observación directa na clase</p>

<p>a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns sintactico-discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente.</p> <p>B5.6- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente</p> <p>SLEB5.5- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe</p>	<p>na clase</p> <p>SLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar os puntos principais do proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula</p> <p>SLEB5.5- Participa activa e eficazmente en proxectos nos que se utilizan varias linguas evitando estereotipos lingüísticos.</p>	<p>Probas de expresión oral e escrita.</p> <p>Observación directa na clase.</p> <p>Traballos solicitados durante o curso.</p>
---	---	--	---

--	--	--	--

22.4. CONTIDOS MINIMOS 1º ESO

Para ser coherentes coa metodoloxía empregada, os mínimos basearanse nas habilidades comunicativas do alumno, que deberá ser capaz de desenvolverlas todas, aínda que sexa a un nivel de comunicación simple.

Polo que se deberá conseguir, tanto a nivel escrito como oral que os alumnos poidan comprender e facerse comprender en calquera das circunstancias prácticas do programa. Iso esixe o coñecemento do vocabulario que inclúe cada unidade e o uso adecuado dos contidos mínimos gramaticais, lexicais e fonéticos presentes nos bloques descritos anteriormente.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Comprende preguntas básicas, frases e expresións habituais relacionadas con temas habituais e segue instrucións e consignas de aula.
- Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves.
- Comprende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Nas actividades de aula amosa actitude positiva polo uso da lingua estranxeira, esforzándose por utilizala.
- Fai e responde intelixiblemente a preguntas sinxelas adecuadas á súa idade e nivel escolar.
- Desenvólvese en situación habituais de comunicación.
- Participa en conversas informais breves básicas, intercambiando información, pide e dá indicacións para ir a un lugar.
- Preséntase, dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo, preferencias ou temas cotiáns en conversas básicas, colaborando co interlocutor/a para facerse entender.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Comprende textos, avisos, obrigas, prohibicións, de estrutura sinxela adaptados ao seu nivel, con apoio visual.
- Comprende información sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de gustos e preferencias.
- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos...

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente.
- Completa cuestionarios sinxelos con información moi básica.
- Escribe mensaxes en soporte dixital sinxelos e breves.
- Escribe correspondencia breve e sinxela a partir dun modelo.
- Amosa unha presentación limpa e ordenada nos textos elaborados.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

- Identifica sons e grafías de fonemas básicos e iníciase no uso de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira, mostrando respecto polas diferenzas dos aspectos culturais.
- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa, utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico básico, traballado anteriormente.
- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valora a competencia que posúe como persoa plurilingüe.

CONTIDOS MINIMOS ESIXIBLES 1º ESO

1. FUNCÍONS COMUNICATIVAS

- Saudar
- Soletrear palabras
- Preguntar e dicir o nome
- Preguntar e dicir a idade
- Preguntar e dicir onde vivimos
- Presentar persoas
- Preguntar e dicir a data de aniversario
- Contar ata 100
- Expresar gustos
- Falar do material escolar
- Identificar un obxecto
- Expresar pertenza
- Describir o instituto
- Situar no espazo
- Preguntar e dicir a materia favorita
- Dicir a data
- Presentar a súa familia
- Comprender un número de teléfono
- Preguntar e dicir a hora
- Falar dos hábitos cotiás
- Describir as persoas
- Expresar gustos
- Pedir nun comercio e preguntar un prezo
- Falar sobre as profesións
- Falar do futuro
- Expresar desexos

2. GRAMÁTICA

- Os interrogativos
- Pronomes persoais suxeito

- *Habiter à* + nome de cidade, *habiter en/au*+ nome de país

- Os presentativos: *C'est / Ce sont*
- A negación *Ne...pas*
- Presente de indicativo dos verbos en *-er*
- Presente de indicativo dos verbos *avoir, être*
- Os artigos definidos e indefinidos
- Contracción *de+le = du*
- O número e o xénero dos sustantivos
- *Il y a un/une/des*
- As preposicións de lugar
- As cores, o xénero
- Os adxectivos posesivos
- O xénero dos adxectivos calificativos
- Os pronomes reflexivos
- Presente dos verbos pronominais

- Presente dalgúns verbos irregulares
- Adxectivos para describir persoas
- O xénero dos sustantivos
- Os artigos contractos: *au/aux*
- *Être à la, l', au* + nome de lugar
- *Aller à la/l' au*+nome de lugar
- *Venir de, de la, du* + nome de lugar
- *On= nous*
- O xénero dos nomes das profesións
- O imperativo
- *Faire du, de la, de l'+* actividade
- *Aller en/au/aux*+nome de país
- O futuro próximo: *aller+infinitif*
- *J'aimerais*+infinitivo

3. LÉXICO

- Os países
- As actividades de tempo libre
- Os meses do ano
- O material escolar
- As materias
- O colexio
- As cores
- Os días da semana
- A familia
- Os animais de compañía
- As partes do día
- O corpo humano
- Adxectivos de nacionalidade
- A cidade
- A rúa
- Profesións e oficios
- Tendas e comercios.
- Actividades de tempo libre.

4. FONÉTICA E REFERENCIAS SONORAS

- Identificación do francés.
- Os acentos: agudo, grave e circunflexo
- O alfabeto: consonantes e vogais
- As consoantes finais
- A *liaison*
- Sons máis específicos da lingua francesa insistindo nas diferencias coa(s) lingua(s) materna(s) (galego e castelán): /e/, /i/, /y/, /b/, /v/, /s/, /z/, /œ/ / ø/, e muda, as vogais nasais.
 - Entoación de frases. A *liaison*.
 - Ritmo.

5. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS

- Persoas francesas coñecidas
- Encher formularios
- A escola en Francia: sistema, horario...
- Os deportes e as festas. Símbolos de Francia
- Algúns aspectos da xeografía de Francia
- Busca de un *correspondant* francófono
- Intercambio de culturas
- Orixe dalgúns apelidos franceses
- As vacacións de verán
- París: monumentos, museos, arquitectura, gastronomía...

CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS (LOMCE)

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*); finalidade (*pour*); comparación (*plus, moins*); explicativas (*parce que*).
- Relacións temporais (*avant, après*).
- Exclamación (*Oh là là! On y va!*); interxección (*oui!, non! Zut!*)
- Negación (*ne/n'...pas*).
- Interrogación (*qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses* (p. ex. *oui, non*); *est-ce que?*; *adjectif interrogatif* (p. ex. *quel est ton sport préféré?*).
- Expresión do tempo: presente; futuro (*présent, futur proche*); *impératif*.
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); necesidade (*il faut+infinitif*); obriga/prohibición (*il faut, impératif*); permiso (*pouvoir : est-ce que je peux... ?*); intención/deseo (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).
- Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).
- Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube*)

- Expresión do espazo (*prépositions et adverbess de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville).*
- Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de... à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*). Expresión do modo (*à / en + medios de transporte*).

O alumno ten que ser capaz de:

1. Comprender preguntas básicas sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.
2. Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas na aula.
3. Comprender o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico común.
4. Comprender a información esencial en conversas breves e sinxelas.
5. Amosar actitude positiva nas actividades de aula
6. Desenvolverse o suficiente facéndose entender en situación habituais de comunicación.
7. Participar en conversas informais breves e moi básicas.
8. Comprender con fluidez textos adaptados ao seu nivel
9. Comprender avisos, obrigas, prohibicións básicas.
10. Comprender información básica, sinxela e esencial (menús, horarios, etc.)
11. Elaborar textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información adecuada ao seu nivel.
12. Completar cuestionarios sinxelos básicos
13. Escribir notas, felicitacións, mensaxes, correspondencia breve... moi sinxelos, tanto en manuscrito como en soporte dixital
14. Identificar sons e grafías básicas
15. Utilizar adecuadamente as convencións sociais orais e escritas propias da lingua estranxeira.
16. Utilizar adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesario básico.
17. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionalos cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorar as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

23. DESEÑO CURRICULAR 2º ESO

23.1. Obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan

discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

23.2. Contidos, actividades e temporalización

Os contidos da materia de francés 2ª lingua estranxeira están organizados en cinco bloques. Aqueles contidos e actividades correspondentes ós catro primeiros bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos) traballaranse dun xeito continuo, nos tres trimestres e en todas as unidades didácticas previstas. Aqueles correspondentes ó quinto bloque (a competencia comunicativa) son acumulativos: iranse introducindo de xeito secuenciado e o alumno deberá incorporalos na súa fala e na súa escrita reutilizándoos ó longo do curso e incluso en cursos posteriores.

Bloque 1. Comprensión de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B1.1- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. - Identificación de palabras clave. - Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). - Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. - Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. <p>B1.2- Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3- Perseveranza no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulación do dito.</p>	<p>Exercicios de comprensión global e específica de documentos gravados, sonoros e audiovisuais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoita de cancións. - Memorización de expresións orais breves. - Análise das situacións comunicativas nas que se desenvolven os diálogos. - Uso do francés como lingua de comunicación na aula: comprensión das explicacións e instrucións do profesor. - Comprensión do interlocutor nos <i>jeux de rôle</i>. 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

<p>B1.4- Memorización de expresións orais breves significativas : saúdos, despedidas, preguntas sobre información persoal, consignas de aula, etc.</p>		
<p>Bloque 2. Producción de textos orais</p>		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B2.1- Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. Reaxuste da tarefa (emprender unha máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e para-lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: modificación de palabras de significado parecido, definición ou paráfrase dun termo ou expresión, uso da lingua materna ou estranxeirización de palabras da lingua meta, petición de axuda. - Para-lingüísticos: sinalar obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado; uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal); uso de elementos cuasi-léxicos (<i>hum</i>, <i>puah</i>, etc.) de valor comunicativo. <p>B2.2- Actitude de respecto cara a si mesmo e cara as demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3- Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Participación en “<i>jeux de rôle</i>” e pequenos <i>sketches</i> elaborados polos alumnos. - Participación en conversas de distinto tipo: realización de enquisas, entrevistas, etc. -Lectura en voz alta, memorización e representación de diálogos - Xogos. -Presentacións orais individuais ou en grupo -Uso do francés como lingua de comunicación na aula. 	<p>De xeito continuado durante o curso.</p>
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B3.1- Estratexias de comprensión:</p>		

<ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).. - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e para-textuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2- Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>Exercicios de comprensión e análise de textos escritos de distintos tipos: descrições, narracións, correspondencia, horarios, regulamentos, listas, anuncios, páxinas web, cómics, etc.</p> <p>Lectura en voz alta.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>
---	--	--

Bloque 4. Producción de textos escritos		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B4.1- Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso de dicionarios e gramáticas, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos para elaborar os propios textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Execución: <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Creación de textos escritos a partir de modelos analizados previamente. - Redacción de textos escritos a partir dun guión, borrador ou esquema. - Creación libre ou semi-libre de textos escritos. - Exercicios guiados de expresión escrita: <i>cloze</i> (exercicios <i>à trous</i>), completar frases ou textos, modificar ou reformular frases, etc. - Cumprimentar formularios e cuestionarios 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

<p>modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Recurso ós coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións do tipo “agora volvo”, “paréceme ben”, etc.)</p> <p>– Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e ós signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva.</p>		
---	--	--

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia multicultural e plurilingüe		
Contidos temporalizados	Actividades	
<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> – Os sons do francés: cadro xeral. – A pronuncia do final das palabras: a sílaba tónica, as consonantes finais, desinencias verbais, marcas de xénero e número... – Os grupos vocálicos e consonánticos característicos do francés. Correspondencia entre grafía e pronuncia. - As nasais. <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> – A pronuncia das consoantes xordas e sonoras – O /s/ e as súas grafías <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Os sons /y/,/u/ , /i/ – o /E/ aberto 	<p>Lectura en voz alta.</p> <p>Exercicios de identificación, discriminación e clasificación de fonemas.</p> <p>Exercicios de reprodución de sons.</p> <p>Trabalinguas.</p>	
<p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>De xeito continuado durante todo o curso:</p>	<p>Exercicios de ortografía.</p>	

<ul style="list-style-type: none"> - Ortografía correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. - Uso adecuado dos signos de puntuación: coma, punto, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses, comiñas e guións 	
<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira (uso de <i>tu / vous</i>, uso de fórmulas de cortesía axeitadas: saúdos, despedidas, agradecementos, etc.) -A Unión Europea. -A seguridade nas carreteiras. -Os adolescentes franceses e os <i>smartphones</i>. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: o Nadal e as festas de fin de ano en Francia, os patronímicos en Francia, a francofonía e a situación do francés no mundo. <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países francófonos e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Achegamento aos hábitos alimentarios da xuventude francesa. -As festas tradicionais en Francia. - Identificación de similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países francófonos e o noso - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: a organización do tempo e as actividades de lecer dos franceses, a literatura e o cine - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países francófonos e o noso: a organización do tempo. -Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. -Os valores dos adolescentes franceses. 	<p>Recoñecer aspectos socioculturais en distintos tipos de documentos: correspondencia, horarios, formularios, etc.</p> <p>Busca de información sobre diversos temas culturais</p> <p>Realización de exposicións sobre aspectos culturais de Francia e outros países francófonos.</p> <p>Producir textos orais e escritos que teñan en conta os factores socioculturais.</p>
<p>B5.4. Plurilingüismo: De xeito continuado durante todo o curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e no que se traballan contidos transversais , evitando 	

<p>estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	
<p>B5.5. Funcións comunicativas: <u>1º trimestre:</u> - Saudar. Contar. Soletrear palabras. - Presentarse e presentar a alguén. Identificar persoas. - Preguntar e dar informacións persoais: o nome, a idade, onde vives, a data do aniversario, o número de teléfono, etc. Cubrir formularios e fichas de inscrición. - Expresar gustos e preferencias. - Redactar unha postal de felicitación (de aniversario ou de nadal). -Describir o carácter de alguén. -Indicar un itinerario. -Situar no espazo. <u>2º trimestre:</u> -Dar indicacións para unha receita. -Expresar a cantidade. -Facer as compras. -Pedir e dar información sobre o aloxamento. -Expresar a posibilidade. -Describir a casa -Facer proposicións para saír cos amigos ao cine, etc. e saber aceptar ou rechazar unha proposición. <u>3º trimestre:</u> -Facer comparacións. -Falar do futuro. -Falar do tempo. - Situar accións no tempo. -Expresar a causa, a consecuencia e a oposición. -Contar en pasado.</p>	<p><i>Jeux de rôle</i></p> <p>Lectura e análise de documentos escritos, orais e audiovisuais.</p> <p>Presentacións orais breves.</p> <p>Redacción de diversos tipos de documentos: descrições, relatos, regulamentos, correspondencia, etc.</p>
<p>B5.6. Léxico básico de uso común relativo a: <u>1º trimestre:</u> - Os números ata o 1000. O alfabeto. Os meses do ano. - Saúdos, despedidas e fórmulas de cortesía: <i>merci, s'il vous plaît...</i> -Adxectivos para caracterizar. -Actividades do tempo de lecer. -As sensacións físicas. -Roupas e cores. -A cidade: lugares, itinerarios. <u>2º trimestre:</u> - A alimentación e as tendas. -As medidas precisas -Vocabulario para as receitas de cociña. -As tarefas domésticas. -O hábitat e o aloxamento. (<i>maison, appartement.</i>) <u>3º trimestre:</u> -A meteoroloxía e as estacións. - Expresión da frecuencia (<i>tous les jours....</i>) - Medidas e cantidades -Formación e estudos. -Expresións de tempo: <i>avant, maintenant....</i> -Descripción de animais</p>	<p>Elaboración de fichas, glosarios, léxicos temáticos e mapas conceptuais. Xogos memorísticos. Exercicios de léxico: completar frases ou textos, relacionar imaxes con palabras, frases ou textos, etc.</p>
<p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas <u>1º trimestre:</u></p>	<p>Exercicios estruturais: completar frases</p>

- Qui c'est? C'est...*
- O *futur proche*.
- Preposicións e adverbios de lugar.
- O xénero e o número dos adxectivos.
- Expresar a invitación: *pouvoir*+infinitivo
- A intensidade: *très, trop*
- Presente de indicativo dos verbos *avoir, être*, do primeiro grupo e pronominais.
- Os verbos irregulares *aller e venir*
- Expresión das relación lóxicas: *et,ou,mais,pour*.
- A interrogación: inversión do suxeito e respostas.
- Il y a / Il n'y a pas*
- Os plurais irregulares.
- O presente dos verbos *pouvoir, vouloir*.

2º trimestre:

- Os artigos partitivos.
- A cantidade: *un peu (de), assez (de), pas assez (de), trop (de)*
- O *passé composé*
- Preposicións e adverbios de lugar : *sur, sous, venir de, aller à*.
- Os adxectivos posesivos
- O pronome COD

3º trimestre:

- Expresión da comparación: *le plus, le moins*
- Os comparativos: *moins, plus, aussi...que*.
- O pronome *en*.
- O imperativo afirmativo e negativo.
- Expresar o pasado: *passé composé*.
- Expresión do futuro.

ou textos, transformar frases, ordenar palabras para formar frases, etc.

Exercicios de conxugación.

Elaboración de esquemas, resumos e mapas conceptuais.

23.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles

Bloque 1. Comprensión de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
B1.1 Comprender preguntas e información sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ó comportamento na aula.	SLEB1.1- Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	SLEB1.1- Comprende a maioría das preguntas básicas.	Observación directa na aula. Probas de expresión oral.
<p>B1.1- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>B1.2- Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito</p> <p>B1.3- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>B1.4- Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por</p>	<p>SLEB1.1- Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB1.2- Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>SLEB1.3- Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas</p>	<p>SLEB1.1- Nas actividades de aula persevera no proceso de comprensión, mellóralo sacando conclusións e deducindo intencións e anticipándose ao que segue.</p> <p>SLEB1.2- Capta a información máis importante de indicacións, anuncios e mensaxes.</p> <p>SLEB1.3- Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás.</p>	<p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas obxectivas de comprensión oral</p>

<p>medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p> <p>B1.5- Comprender o sentido xeral e a información específica previsible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito. B1.6- Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>B1.7- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións previsibles e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente</p>	<p>sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p>SLEB1.4- Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.5- Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, no centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo</p> <p>SLEB1.6- Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns previsibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>SLEB1.4- Comprende a maior parte da información esencial en conversas informais .</p> <p>SLEB1.5 –Comprende a maior parte da información nunha conversa formal.</p> <p>SLEB1.6 Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentación sinxelas.</p>	<p>Observación directa na aula.</p>
---	--	---	-------------------------------------

<p>traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>			<p>Probas obxectivas de comprensión oral</p>
--	--	--	--

Bloque 2. Producción de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B2.1- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>repeticións para entender a mensaxe. B2.2- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que</p>	<p>SLEB2.1- Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente</p> <p>SLEB2.2- Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (datas,</p>	<p>SLEB2.1- Fai presentación breves seguindo un guión.</p> <p>SLEB2.2- Desenvólvese con eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás.</p>	<p>Exposicións orais na clase.</p> <p>Vídeos gravados polos alumnos.</p> <p>Probas de expresión oral: exercicios de interacción (<i>jeux de rôle</i>).</p>

<p>se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos. B2.3- Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. B2.4- Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor. B2.5- Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>actividades...) seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se le repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.3- Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>SLEB2.4- Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista, achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>SLEB2.3 Participa en conversas informais breves.</p> <p>SLEB2.4- Desenvólvese nunha conversa formal ou entrevista.</p>	
---	---	---	--

Bloque 3 Comprensión de textos escritos			
Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B3.1-. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas. B3.2- Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e previsibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. B3.3- Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade. B3.4- Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información</p>	<p>SLEB3.1- Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p> <p>SLEB3.2- Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora) así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>SLEB3.3- Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e</p>	<p>SLEB3.1- Comprende o sentido xeral de textos xornalísticos breves.</p> <p>SLEB3.2- Identifica instrucións xerais breves e sinxelas.</p> <p>SLEB3.3- Comprende correspondencia persoal sinxela en formatos diferentes.</p>	<p>Probas obxectivas de comprensión escrita</p>

<p>importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. SLEB3.4- Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p> <p>SLEB3.5- Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>SLEB3.4- Entende a idea xeral na correspondencia formal.</p> <p>SLEB 3.5 Entende información esencial en páxinas web.</p>	
---	---	--	--

Bloque 4 Producción de textos escritos			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B4.1- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p>	<p>SLEB4.1- Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións</p>	<p>SLEB4.1-Escribe correspondencia persoal breve.</p>	<p>Redaccións de diverso tipo (cartas, <i>mails</i>, narracións, descrições...) solicitadas ó longo do curso.</p> <p>Probas de expresión escrita</p>

<p>B4.2- Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3- Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ó seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto</p>	<p>(por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans.) SLEB4.2- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa ós seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p> <p>SLEB4.3- Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>SLEB4.4- Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>SLEB4.2- Completa correctamente a maior parte dun cuestionario sinxelo.</p> <p>SLEB4.3- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros inmediatas.</p> <p>SLEB4.4- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	
--	--	---	--

Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.			
Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B5.1- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. B5.2- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.3- Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. B5.4- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.)</p>	<p>SLEB5.1- Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases</p> <p>SLEB5.2- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis,</p>	<p>SLEB5.1- Produce oralmente con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas traballadas na clase</p> <p>SLEB5.2- Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira traballadas na clase</p> <p>SLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar os puntos principais do proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4- Comprende e comunica o</p>	<p>Probas de expresión oral.</p> <p>Observación directa na clase.</p> <p>Probas de expresión oral e escrita.</p> <p>Observación directa na clase.</p> <p>Traballos solicitados durante o curso</p>

<p>nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns sintáctico-discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>	<p>recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula</p> <p>SLEB5.5- Comprende e comunica o que se lle solicita nas tarefas, utilizando adecuadamente o léxico e as estruturas sintáctico-discursivas.</p>	
---	---	--	--

24.4. CONTIDOS MÍNIMOS 3º ESO

Para sermos coherentes coa metodoloxía empregada, os mínimos basearanse nas habilidades comunicativas do alumno, que deberá ser capaz de desenvolverlas todas, aínda que sexa a un nivel de comunicación simple.

Polo que se deberá conseguir, tanto a nivel escrito como oral, que os alumnos poidan comprender e facerse comprender en calquera das circunstancias prácticas do programa. Iso esixe o coñecemento do vocabulario que inclúe cada unidade e o uso adecuado dos contidos mínimos gramaticais, lexicais e fonéticos presentes nos bloques descritos anteriormente.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Nas actividades de aula persevera no proceso de comprensión, axustándoo as necesidades da tarefa.
- Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de maneira clara e lenta.
- Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás.
- Comprende nunha conversa formal na que participa preguntas sinxelas
- Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentación sinxelas.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Fai presentación breves e ensaiadas seguindo un guión escrito sobre aspectos relacionados aos estudos.
- Fai e responde intelixiblemente a preguntas sinxelas adecuadas á súa idade e nivel escolar.
- Desenvólvese en situación habituais de comunicación.
- Participa en conversas informais breves , intercambiando información, pide e dá indicacións para ir a un lugar.
- Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Capta o sentido xeral e algún detalles importantes de textos xornalísticos breves.
- Identifica, con axuda da imaxe instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e uso de aparellos de uso cotián.
- Comprende correspondencia persoal sinxela.
- Entende a idea xeral de correspondencia formal.
- Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de consulta e referencia.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social en termos sinxelos.
- Completa cuestionarios sinxelos con información básica.
- Escribe notas e mensaxes onde fai comentarios breves ou dá instrucións e indicacións en situación da vida cotiá, respectando as normas de cortesía.
- Escribe correspondencia formal a partir dun modelo.
- Amosa unha presentación limpa e ordenada nos textos elaborados.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

- Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas e trazos fonéticos e persevera no uso de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira , mostrando respecto polas diferenzas dos aspectos culturais.
- Nas actividades de aula pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses tomando en consideración os coñecementos e experiencias doutras linguas.
- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valora a competencia que posúe como persoa plurilingüe.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES 3º ESO

Contidos de 2º ESO e mais os seguintes:

1. FUNCÍONS COMUNICATIVAS

- Soletrear
- O saúdo
- A presentación dos profesores (carácter, gustos)
- A presentación de si mesmo (idade, familia, gustos...) e da súa contorna (o seu país)
- Comunicar en francés en clase
- Describir o colexio
- Describir a roupa
- Describir acontecementos pasados
- Dicar a hora
- Contar que fai no seu tempo libre e cando está cos seus amigos
- Situar os diferentes momentos dunha acción
- Dar a súa opinión e expresar as súas emocións
- Indicar a posesión
- Falar da amizade en internet
- Expressar obrigacións
- Presentar aos amigos
- Describir paisaxes
- Contar a partir de 100
- Propoñer ideas para preservar o medio ambiente
- Falar de proxectos futuros
- Comentar un documento
- Expressar desexos, preocupacións, intereses
- Orientarse na cidade
- Describir actividades
- Falar do seu lugar preferido
- Realizar eleccións
- Tratar de *tu/vous*
- Expressar o acordo / desacordo
- Falar dos cambios acontecidos co paso do tempo nas persoas e na súa situación
- Contar historias en pasado
- Empregar nas conversacións e as redaccións os pronomes tónicos para evitar repeticións
- Situar e identificar a unha persoa
- Falar con corrección empregando *tu/vous* dependendo de cada situación
- Facer eleccións
- Facer proposicións
- Formular preguntas
- Contar acontecementos pasados

2. ASPECTOS GRAMATICAIS

- Os partitivos
- *Jouer du/de la* + nome dun instrumento
- Os adxectivos cualificativos (o xénero)

- O presente de indicativo: verbos do terceiro grupo
- O imperativo
- O pretérito perfecto simple (*passé composé*), o participio pasado.
- Emprego de *être* e *avoir*
- Os diferentes momentos da acción
- Os pronomes e adxectivos posesivos
- Revisión dos pronomes persoais
- O presente de *aller + infinitif/être en train de + infinitif/venir de + infinitif*.
- Revisión do presente de indicativo dos verbos *aller/venir/devoir*.
- O superlativo
- Os números desde a centena aos millóns
- Expresión das obrigacións
- Os pronomes relativos: *qui, que*
- A expresión de causa
- Revisión do presente de indicativo de *croire, descendre, entendre, prendre*.
- Revisión do imperativo afirmativo e negativo con *vous*
- Referencias temporais empregadas co futuro
- A organización do discurso

- Formación do feminino dos substantivos e dos adxectivos
- O plural dos substantivos
- O futuro simple de indicativo
- Formación dos adverbios en *-ment*
- Os pronomes persoais COD e COI
- Orde dos pronomes persoais
- Os adxectivos demostrativos
- Emprego de *vous*
- Revisión do presente de indicativo, do *passé composé*, do futuro e do imperativo
- O relato en pasado
- Os pronomes tónicos
- Imperfecto de indicativo
- Revisión do *passé composé*
- Revisión do imperativo empregado cos pronomes tónicos
- O relato en pasado: *passé composé* e imperfecto
- Emprego do *tu* e *vous*
- As preposicións e artigos cos países
- O pronome *où*
- Os pronomes *y, en*
- A negación
- Revisión do imperfecto de indicativo

3. LÉXICO

Relacionado cos temas tratados. Léxico fundamental e afondamento do estudado anteriormente en 1º e 2º

- O vocabulario da clase, as materias
- A roupa e os complementos
- Os alimentos
- Os sentimentos
- A vida cotiá: colexio, gustos, pasatempos
- Países e nacionalidades
- Cualidades e defectos das persoas
- Os signos do zodíaco
- A descrición física
- Expresión do tempo cronolóxico
- Sensacións e emocións
- Expresións da opinión
- Expresións temporais
- A cidade: orientarse
- Preposicións de lugar
- As tarefas domésticas
- As relacións persoais
- As redes sociais e o mundo dixital
- O medio ambiente
- Os recordos da infancia

4. FONÉTICA E REFERENCIAS SONORAS

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

- A expresión da opinión: entoación
- A *liaison*: determinante posesivo + vocal ou h muda
- Discriminación entre as grafías *au* e *eau*
- O t non pronunciado ao final da palabra
- O son [s]
- A *liaison* cos números
- O son [e]
- O son [n]
- O son [b]
- A *liaison* con vogais ou h muda
- O son [d]
- O « e » mudo
- O son [ø]
- A pronuncia dos adverbios en *-ment*
- O son [ã]:
- O s non pronunciado
- O son [e]
- Pronuncia da grafía « ai » [E]: verbo *faire* en imperfecto
- *Liaison* de *c'est + préposition + pronom tonique*

- O h mudo
- O son [wa]
- Liaison con [n] + vogal
- O son [E]
- O *d* non pronunciado: *grand, gourmand,* etc.
- O son [j]

5. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes.

- As vacacións
- A moda e a historia
- O colexio en Francia.
- Un concurso televisado en Francia.
- As festas e as tradicións francesas.
- Unha visita a Marsella.
- Os DROM, departamentos e rexións de ultramar
- Asociacións humanitarias.
- A linguaxe do mundo dixital.
- A ecoloxía e a alimentación.
- Os DROM, departamentos e rexións de ultramar.

CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS (LOMCE)

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*par contre*); causa (*comme*); finalidade (*afin de + Inf.*); comparación (*plus/moins que*); consecuencia (*donc*); explicativas (*parce que*).
- Relacións temporais (*de... à, dans, il y a, en*).
- Exclamación (*Oh là là! On y va! Quel+nom !*); *locutions adverbiales* (*Tout fait ! Bien sûr !*)
- Negación (negación nos tempos compostos).
- Interrogación (*que, quoi; inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus)*).
- Expresión do tempo: presente; pasado (*passé récent, passé composé: participes passés avec les accords*); futuro (*futur proche*). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: *j'aimerais*).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *toujours, d'habitude*); incoativo; terminativo (*venir de + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*être capable de*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*avoir besoin de + infinitif, il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, imperativo*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseño (*avoir envie de*) ; cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (*articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*; proposicións adxectivais (*qui/que*)); a cualidade (posición dos adxectivos, *facile/ difficile à...*); a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...*); o grao.

- Expresión do espazo (*prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual (*moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir*); divisións (*au ... siècle, en (année)*); indicacións de tempo (*après-demain, avant-hier, tout de suite*); duración (*maintenant*); anterioridade (*l y a...*); posterioridade (*plus tard*); secuenciación (*finalement*); simultaneidade (*au moment où, en même temps*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).
- Expresión do modo.

O alumno ten que ser capaz de:

- 1-Captar as indicacións máis importantes de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves.
- 2- Entender os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás sinxelas.
- 3- Comprender nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinión sinxelas.
- 4-Comprender as ideas principais de programas de televisión e de presentación sinxelas.
- 5-Facer presentación breves e ensaiadas seguindo un guión escrito.
- 6- Desenvolverse coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás: viaxes, aloxamentos, transporte, compras, lecer.
- 7- Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos nas que se establece contacto social ou intercambio de información.
- 8- Desenvolverse de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista sinxela.
- 9-Captar o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves en calquera soporte.
- 10- Identificar, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento de aparellos de uso cotián, así como actividades e normas de seguridade básicas.
- 11-Comprender correspondencia persoal sinxela.
- 12-Entender información específica esencial en páxinas web e outras fontes de consulta.
- 13- Escribir correspondencia persoal breve, completar cuestionarios sinxelos, escribir notas e mensaxes breves, respectando as convencións e as normas de cortesía.
- 14- Escribir correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas.
- 15- Producir léxico e estruturas básicas.
- 16-Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira, tanto no proceso comunicativo oral como escrito.
- 17 – Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.
- 18- Utilizar adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico traballado.

25. DESEÑO CURRICULAR 4º de ESO

25.1 Obxectivos

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

25.2. Contidos, actividades e temporalización

Os contidos da materia de francés 2ª lingua estranxeira están organizados en cinco bloques. Aqueles contidos e actividades correspondentes ós catro primeiros bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos) traballaranse dun xeito continuo, nos tres trimestres e en todas as unidades didácticas previstas. Aqueles correspondentes ó quinto bloque (a competencia comunicativa) son acumulativos: iranse introducindo de xeito secuenciado e o alumno deberá incorporalos na súa fala e na súa escrita reutilizándoos ó longo do curso e incluso en cursos posteriores.

Bloque 1. Comprensión de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización
B1.1- Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes,	-Exercicios de comprensión de documentos audiovisuais. -Exercicios de comprensión de documentos sonoros gravados. - Uso do francés como lingua de comunicación na aula: comprensión das explicacións e instrucións do profesor	De xeito continuado durante todo o curso.

<p>música, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>		
Bloque 2. Producción de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. - Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expressar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. - Lingüísticos: - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. - Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. - Pedir axuda. - Paralingüísticos: - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Usar elementos cuasiléxicos (<i>hum, puah...</i>) de valor comunicativo. <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Participación en “<i>jeux de rôle</i>” e pequenos <i>sketches</i> teatrais. -Participación en conversas de distinto tipo: realización de enquisas, entrevistas, debates, etc. - Realización de exposicións. -Gravación de vídeos sobre diversos temas para o Concurso das Xornadas Pedagóxicas de Francés. -Presentación oral de traballos. - Uso do francés como lingua de comunicación na aula. 	<p>De xeito continuado durante o curso.</p>

Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Ejercicios de comprensión e análise de textos escritos de distintos tipos: fragmentos literarios, páxinas web, blogues, folletos turísticos, textos xornalísticos, etc. 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

Bloque 4. Producción de textos escritos		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escrito – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as 	<ul style="list-style-type: none"> -Creación de textos escritos a partir de modelos analizados previamente. -Redacción de textos escritos a partir dun guión, borrador ou esquema. -Creación libre ou semilibre de textos escritos. -Ejercicios guiados de expresión escrita: cloze, completar frases ou textos, modificar ou reformular frases, etc -Cumprimentar formularios e cuestionarios 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

<p>dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. <ul style="list-style-type: none"> - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) - Reescritura definitiva. 		
--	--	--

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia multicultural e plurilingüe		
Contidos temporalizados	Actividades	
<p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: De xeito continuado durante todo o curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ortografía correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. - Uso adecuado dos signos de puntuación: coma, punto, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses, comiñas e guións. 	<p>Exercicios de ortografía.</p>	
<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Pronuncia correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. - Articulación dos sons vocálicos de especial dificultade: a nasalización e a labialización. - Pronuncia do final das palabras. <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Pronuncia correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. - Sons e fonemas consonánticos (revisión). <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Pronuncia correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. - <i>A liaison e o enchaînement</i> 	<p>Lectura en voz alta.</p> <p>Exercicios de identificación, discriminación e clasificación de fonemas.</p> <p>Exercicios de reprodución de sons.</p> <p>Trabalinguas</p>	
<p>B5.4. Plurilingüismo: De xeito continuado durante todo o curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos colaborativos nos que se utilizan varias linguas e no que se traballan contidos transversais coma a igualdade entre homes e mulleres, a defensa do medio ambiente e a conservación e promoción do patrimonio cultural 		
<p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <p>Repaso dos contidos tratados no primeiro ciclo, e no curso anterior, prestando especial atención ós seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e descrición de persoas. 	<p><i>Jeux de rôle</i></p>	

<p>-Falar das súas intencións e dos seus proxectos de futuro.</p> <p>- Contar en pasado.</p> <p>-Describir persoas e falar de si mesmo/a.</p> <p>- Dar opinión sobre o instituto e temas escolares relacionados.</p> <p>- Expresar estados físicos e de ánimo.</p> <p>- Falar dos animais.</p> <p>- A expresión dos sentimentos.</p> <p>-O relato de feitos pasados: biografías, recordos infantís, anécdotas...</p> <p>- A descrición das circunstancias dun feito pasado. Descrición de situacións e costumes do pasado.</p> <p>-Expresar a opinión sobre as viaxes</p> <p><u>2º trimestre:</u></p> <p>- Dar e pedir consellos.</p> <p>- Petición e ofrecemento de consellos e instrucións.</p> <p>- Facer hipóteses, predicións</p> <p>- Falar do medio ambiente</p> <p>- Expresión de obrigas, prohibicións, autorizacións e necesidades.</p> <p>- Falar das tarefas domésticas</p> <p>-Expresión da protesta e saber defenderse.</p> <p><u>3º trimestre:</u></p> <p>- Descrición das funcións dun obxecto.</p> <p>- Negociar un prezo.</p> <p>-Expresar a causa, a finalidade, o desexo e a opinión.</p> <p>-Falar de accións hipotéticas</p> <p>-Formular unha petición con amabilidade.</p> <p>-Animar a alguén a decidir algo</p> <p>- Organización e estrutura do discurso en distintos tipos de textos orais e escritos: exposicións orais, folletos informativos, descricións, guías, regulamentos e instrucións, páxinas web, reportaxes.</p>	<p>Lectura e análise de documentos escritos, orais e audiovisuais.</p> <p>Exposicións orais.</p> <p>Gravación de vídeos.</p> <p>Redacción de diversos tipos de documentos: descricións, relatos, folletos informativos, regulamentos, correspondencia, un programa de viaxe, etc.</p>
<p>B5.6. Léxico básico de uso común relativo a:</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <p>Repaso dos contidos tratados no primeiro ciclo e no 3º curso, prestando especial atención ós seguintes:</p> <p>- A descrición de personaxes: físico, carácter e vestimenta.</p> <p>-O corpo humano e o deporte.</p> <p>- As accións da vida cotiá: rutinas diarias, actividades de lecer, tarefas domésticas, as comidas...</p> <p>- Adxectivos para describir a personalidade: cualidades e defectos.</p> <p>- O colexio: materias, instalacións, material...</p> <p>- Os números.</p> <p>- A cidade e a vivenda.</p> <p>- Profesións, nacionalidades e países, estado civís...</p> <p>-Emocións e sensacións.</p> <p>-Os transportes. Cidades e países.</p> <p>-O tempo e a frecuencia.</p> <p><u>2º trimestre:</u></p> <p>- A natureza e a ecoloxía.</p> <p>- A meteoroloxía e os fenómenos naturais.</p> <p>- As profesións.</p> <p>- Adverbios e marcadores temporais.</p> <p>- Fórmulas máis frecuentes para expresar prohibicións, consellos, autorizacións e obrigas.</p>	<p>Elaboración de fichas, glosarios, léxicos temáticos e mapas conceptuais.</p> <p>Xogos memorísticos.</p> <p>Exercicios de léxico: completar frases ou textos, relacionar imaxes con palabras, frases ou textos, etc.</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Fórmulas máis frecuentes para expresar opinións. - As tarefas domésticas. <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Características dos obxectos. - O tempo de lecer: a lectura de obras de intriga. - Os xéneros cinematográficos. - Psicoloxía e interpretación dos soños 	
<p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas</p> <p><u>1º trimestre:</u></p> <p>Repaso dos contidos tratados no primeiro ciclo e en 3º curso, prestando especial atención ós seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O presente de indicativo dos verbos regulares (1º e 2º grupo) e dos principais verbos irregulares. - O futuro de indicativo: formación e usos. - Os determinantes: os artigos determinados, indeterminados, partitivos e contractos; os posesivos e os demostrativos. - Os pronomes relativos simples. - Pronomes persoais tónicos. - O discurso: estilo directo e indirecto. -Emprego dos tempos do pasado: imperfecto/<i>passé composé</i>. <p><u>2º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - O pasado recente: formación e usos. - A interrogación: adxectivos e pronomes. - Os momentos da acción: <i>venir de, être en train de, aller</i>. - A prohibición, a obriga, a autorización, o consello e a necesidade. -Plurais irregulares. -Expresión da oposición. <p><u>3º trimestre:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -O condicional: formación e uso. Hipóteses presentes e futuras. -Expresión da causa e da finalidade. -O subxuntivo presente. - Os pronomes demostrativos. 	<p>Exercicios estruturais: completar frases ou textos, transformar frases, ordenar palabras para formar frases, etc.</p> <p>Exercicios de conxugación.</p> <p>Elaboración de esquemas, resumos e mapas conceptuais.</p>

25.3 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles

Bloque 1. Comprensión de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B1.1 Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ♣ B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. ♣ B1.4. Comprender o</p>	<p>SLEB1.1 Nas actividades de aula persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses,</p>	<p>SLEB1.1- Nas actividades de aula persevera no proceso de comprensión, mellóralo sacando conclusións e deducindo intencións e anticipándose ao que segue.</p> <p>SLEB1.2- Capta a información máis importante de indicacións, anuncios e mensaxes.</p> <p>SLEB1.3- Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás.</p>	<p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas obxectivas de comprensión oral</p>

<p>esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>♣ B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e previsibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.</p>	<p>preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e previsibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás</p>	<p>SLEB1.4- Comprende a maior parte da información esencial en conversas informais .</p> <p>SLEB1.5 –Comprende a maior parte da información nunha conversa formal.</p>	<p>Observación directa na aula.</p>
---	---	--	-------------------------------------

	ou do seu interese familiares e previsibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe	SLEB1.6 Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentación sinxelas.	Probas obxectivas de comprensión oral.
--	---	---	--

Bloque 2. Produción de textos orais			
Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B2.1 Pronunciar de xeito intelixible aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>♣ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. ♣ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples</p>	<p>SLEB2.1- Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente</p> <p>SLEB2.2- Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (datas, actividades...) seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se le repita ou repetir o dito.</p>	<p>SLEB2.1- Fai presentación breves seguindo un guión.</p> <p>SLEB2.2- Desenvólvese con eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás.</p>	<p>Exposicións orais na clase</p> <p>Vídeos gravados polos alumnos</p> <p>Probas de expresión oral: exercicios de interacción (<i>jeux de rôle</i>).</p>

<p>memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. ♣ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. ♣ B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.</p>	<p>SLEB2.3-Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>SLEB2.4- Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista, achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>SLEB2.3 Participa en conversas informais breves.</p> <p>SLEB2.4- Desenvólvese nunha conversa formal ou entrevista.</p>	
---	--	---	--

Bloque 3 Comprensión de textos escritos			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
B3.1. Estratexias de comprensión:	SLEB3.1 Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de	SLEB3.1- Comprende o sentido xeral de textos xornalísticos breves.	Probas obxectivas de comprensión escrita

<p>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ♣</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a</p>	<p>textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.</p> <p>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.</p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).</p>	<p>SLEB3.2- Identifica instrucións xerais breves e sinxelas.</p> <p>SLEB3.3- Comprende correspondencia persoal sinxela en formatos diferentes.</p> <p>SLEB3.4- Entende a idea xeral na correspondencia formal.</p>	
---	---	--	--

partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	SLEB 3.5 Entende información esencial en páxinas web.	
--	---	---	--

Bloque 4 Producción de textos escritos			
Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
<p>B4.1- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións</p>	<p>SLEB4.1- Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e</p>	<p>SLEB4.1-Escribe correspondencia persoal breve.</p> <p>SLEB4.2- Completa correctamente</p>	<p>Redaccións de diverso tipo (cartas, <i>mails</i>, narracións, descrições...) solicitadas ó longo do curso.</p> <p>Probas de expresión escrita</p>

<p>e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>♣ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente</p>	<p>relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>SLEB4.4 Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>a maior parte dun cuestionario sinxelo.</p> <p>SLEB4.3- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros inmediatas.</p> <p>SLEB4.4- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	
---	--	---	--

Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo	Instrumentos avaliación
B5.1- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación	SLEB5.1- Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no	SLEB5.1- Produce oralmente con suficiente intelixibilidade léxico e	

<p>de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas</p>	<p>oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2 Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as</p>	<p>estruturas traballadas na clase</p> <p>SLEB5.2- Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira traballadas na clase</p> <p>SLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar os puntos principais do proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula</p>	<p>Probas de expresión oral.</p> <p>Observación directa na clase.</p> <p>Probas de expresión oral e escrita.</p> <p>Observación directa na clase.</p> <p>Traballos solicitados durante o curso.</p>
--	---	--	---

<p>de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e os seus significados asociados (por ex., utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos</p>	<p>competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>SLEB5.5- Comprende e comunica o que se lle solicita nas tarefas, utilizando adecuadamente o léxico e as estruturas sintáctico-discursivas.</p>	
---	--	---	--

<p>bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>			
---	--	--	--

25.4. CONTIDOS MÍNIMOS 4º ESO

Para ser coherentes coa metodoloxía empregada, os mínimos basearanse nas habilidades comunicativas do alumno, que deberá ser capaz de desenvolverlas todas, aínda que sexa a un nivel de comunicación simple.

Polo que se deberá conseguir, tanto a nivel escrito como oral que os alumnos poidan comprender e facerse comprender en calquera das circunstancias prácticas do programa. Iso esixe o coñecemento do vocabulario que inclúe cada unidade e o uso adecuado dos contidos mínimos gramaticais, lexicais e fonéticos presentes nos bloques descritos anteriormente.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves.
- Comprende nunha conversa formal ou nunha entrevista preguntas sobre asuntos persoais ou educativos.
- Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás estruturadas.
- Comprende nunha conversa informal na que participa descrições, narracións, puntos de vista e opinión formuladas de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria.
- Identifica información esencial de programas de televisión e de presentación sinxelas.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Fai presentación breves e ensaiadas seguindo un esquema lineal e estruturado sobre aspectos relacionados cos estudos.
- Desenvólvese coa debida corrección en transaccións cotiás facéndose comprender.
- Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono ou por outros medios técnicos establecendo contacto social básico.
- Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal, reunión ou entrevista.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves.
- Identifica, con axuda da imaxe instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e uso de aparellos de uso cotián.
- Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato.
- Entende a idea xeral de correspondencia formal.
- Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de consulta e referencia.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social en termos sinxelos.
- Completa cuestionarios sinxelos con información básica.

- Escribe notas e mensaxes onde fai comentarios breves ou dá instrucións e indicacións en situación da vida cotiá, respectando as normas de cortesía.
- Escribe correspondencia formal a partir dun modelo.
- Aмосa unha presentación limpa e ordenada nos textos elaborados.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira , mostrando respecto polas diferenzas dos aspectos culturais.
- Nas actividades de aula pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses tomando en consideración os coñecementos e experiencias doutras linguas.
- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas , relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valora a competencia que posúe como persoa plurilingüe.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES 4º ESO

Contidos dos cursos anteriores e os seguintes:

1. FUNCÍONS COMUNICATIVAS

- Falar dos proxectos de futuro.
- Contar en pasado.
- Falar de si mesmos e describir persoas.
- Dar opinións, expresar estados físicos e de ánimo.
- Presentar os valores do deporte; explicar como estar en forma.
- Opinar sobre o medio ambiente.
- Expresar sentimentos.
- Describir compañeiros.
- Falar das viaxes.
- Expresar a causa e a finalidade.
- Describir actividades ecolóxicas
- Expresar desexos.
- Describir as actividades preferidas: falar de cine, libros...
- Informarse, pedir información.
- Facer hipóteses e predicións
- Expresar a restrición.
- Contar feitos narrados por outras persoas. Expresar o que dixeron outras persoas.
- Dar opinión sobre temas sociais.
- Dar consellos

2. GRAMÁTICA

- Os pronomes dobres.
- Os pronomes relativos.

- Os posesivos: adxectivos e pronomes.
- Expresión do tempo pasado: *passé composé* e imperfecto.
- Os pronomes demostrativos.
- Adxectivos e pronomes indefinidos.
- A frase exclamativa: *quel(s), quelle(s)*.
- A cidade, as diversas tendas, as cores
- Adxectivos para describir as cidades, o campo.
- A causa.
- A finalidade.
- A hipótese sobre o presente e o futuro.
- A oposición: *mais, par contre, alors, tandis que*.
- A concesión: *malgré+nom, bien que+subjonctif*.
- A duración: *depuis, depuis que, il y a, cela fait....*
- Os pronomes interrogativos.
- A negación de varios elementos.
- Colocación do adxectivo.
- Concordancia do participio pasado.
- O discurso indirecto en presente.
- O discurso indirecto en pasado: concordancia dos tempos.
- Conxugación: futuro simple, *passé composé*, imperativo afirmativo e negativo, condicional, subxuntivo presente.

3. LÉXICO

- Os números.
- Os estudos.
- Natureza e ecoloxía.
- O corpo humano e o deporte.
- Cultura francesa: cidades, inventos, transportes, cantantes, escritores...
- Adxectivos para describir a personalidade: cualidades e defectos.
- Vocabulario sobre problemas sociais e humanos.
- O tempo de lecer.
- Os xéneros literarios.
- Temas sociais: a psicoloxía, o medio ambiente, o traballo na casa

4. FONÉTICA E REFERENCIAS SONORAS

- Revisión e afianzamento dos sons franceses: entoación, ritmo e acentuación.

5. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS

- Poesía francesa: Jacques Prévert.
- Francia e o mundo da música: Grand Corps Malade.
- Literatura: Lafontaine
- A ecoloxía e os franceses
- Le Cirque du Soleil.
- Inventos franceses.

CONTIDO SINTÁCTICO-DISCURSIVOS LOMCE

- Expresión de relación lóxicas: conxunción (*non seulement...mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).
- Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).
- Exclamación (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).
- Negación (*ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus*).
- Interrogación (*Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles*, pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*).
- Expresión do tempo (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilidade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/deseño (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*) ; cortesía.

- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti*, *hyper*) e sufixos (*-ette*, *-elle*), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (*où*, *dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos). ((plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*beaucoup de*, *quelques*, *quelques-uns*, *tout le monde*, *plein de*, *plusieur(s)*); o grao. - Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu*, *position*, *distance*, *mouvement*, *direction*, *provenance*, *destination*; pronome "y").
- Expresión do tempo: puntual (*tout à l'heure*, *à ce moment-là*, *au bout de*); divisións (*semestre*, *période*, *au moment où*); indicacións de tempo (*la semaine dernière*, *le mois dernier*); duración (*encore/ne...plus*); anterioridade (*déjà*, *ça fait ... que*); posterioridade (*ensuite*, *puis*); secuenciación (*puis*, *enfin*); simultaneidade (*pendant*, *alors que*); frecuencia (*toujours*, *souvent*, *pas souvent*, *parfois*, *jamais*).
- Expresión do modo: (*Adv. de manière en -ment*).

O alumno ten que ser capaz de:

- 1-Captar as indicacións máis importantes de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves.
- 2- Entender os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás sinxelas.
- 3- Comprender nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinión sinxelas.
- 4-Comprender as ideas principais de programas de televisión e de presentación sinxelas.
- 5-Facer presentación breves e ensaiadas seguindo un guión escrito.
- 6- Desenvolverse coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás: viaxes, aloxamentos, transporte, compras, lecer.
- 7- Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos nas que se establece contacto social ou intercambio de información.
- 8- Desenvolverse de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista sinxela.
- 9-Captar o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves en calquera soporte.
- 10- Identificar, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento de aparellos de uso cotián, así como actividades e normas de seguridade básicas.
- 11-Comprender correspondencia persoal sinxela.
- 12-Entender información específica esencial en páxinas web e outras fontes de consulta.
- 13- Escribir correspondencia persoal breve, completar cuestionarios sinxelos, escribir notas e mensaxes breves, respectando as convencións e as normas de cortesía.
- 14- Escribir correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas.
- 15- Producir léxico e estruturas básicas.
- 16-Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira, tanto no proceso comunicativo oral como escrito.
- 17 – Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.
- 18- Utilizar adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico traballado.

26. DESEÑO CURRICULAR 1º de BACHARELATO

26.1. Obxectivos

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a co-responsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Tal como establece o ordenamento xurídico de Galicia na introdución aos currículos das materias LOMCE, o obxectivo da aprendizaxe das linguas estranxeiras é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

26.2. Contidos

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).

– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).

– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.

3. Constancia no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Estratexias de produción:

– Planificación:

– Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.

– Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

– Execución:

– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.

– Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.

– Expressar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso,

aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.

– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar),

tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.

– Lingüísticos:

– Modificar palabras de significado parecido.

– Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.

– Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.

– Pedir axuda.

– Paralingüísticos:

– Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.

– Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).

– Usar elementos cuasiléxicos (*hum*, *puah*, etc.) de valor comunicativo.

2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.

3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
 - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
 - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
 - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
 - Inferencia e formulación de hipóteses da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.
 - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Estratexias de produción:

- Planificación:
 - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
 - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
 - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.
- Execución:
 - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
 - Estruturación do contido do texto.
 - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
 - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
 - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).
- Revisión:
 - Identificación de problemas, erros e repeticións.
 - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
 - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).

– Reescritura definitiva.

2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.

3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

– Sons e fonemas vocálicos.

– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.

– Procesos fonolóxicos máis básicos.

– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.

– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.

– Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).

– Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así

como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira

e actuar neles adecuadamente.

– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

4. Plurilingüismo:

– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

5. Funcións comunicativas:

– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.

– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:

- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.
- Bens e servizos básicos.
- Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.
- Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.
- Calquera outro que se considere de interese.
- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.

7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

Contidos sintactico-discursivos

- ♣ Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.
- ♣ Relacións temporais (*depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que*).
- ♣ Exclamación (*Que, Hélas!*)
- ♣ Negación (*personne ne..., rien ne..., ne...aucun, ne...que, ne... pas encore*).
- ♣ Interrogación (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*).
- ♣ Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.
- ♣ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*il était une fois*); habitual (*de temps en temps, chaque, tous les*); incoativo, terminativo.
- ♣ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*réussir à*); posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de + Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq'un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/ desexo (*penser/ espérer + Inf.*); factitivo o causal con el verbo *faire* (ex: *Pierre a fait tomber son livre/s'est fait couper les cheveux*); condicional (*conditionnel présent*); cortesía.
- ♣ Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.
- ♣ Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.

- ♣ Expresión do espazo (*prépositions et adverbess de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- ♣ Expresión do tempo: puntual (*dans n° jours*); divisións (*dans les années, quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); anterioridade (*jusqu'à ce que*); posterioridade (*dès que, depuis (le temps) que*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).
- ♣ Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon là*).

26.3. Criterios de avaliación

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.
2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.
4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.
5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e previsibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.
2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.
3. Intercambiar, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación menos habituais, pero previsibles, nas que o alumnado teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións

frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.

4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.

5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e previsibles, de carácter público, institucional ou corporativo.

3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.

4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.

5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.

2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.

3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiáns ou do seu interese.

4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.

5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas

e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fio do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.
2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.
3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.
4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.
7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar.

26.4. Estándares de aprendizaxe e competencias clave

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <p>1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as</p>	<ul style="list-style-type: none"> ♣ CCL ♣ CAA ♣ CSC ♣ CCEC

experiencias doutras linguas.

2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e previsible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero previsibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

Bloque 2. Producción de textos orais

1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero previsibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía

noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambia información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun

♣ CCL
♣ CAA

pedimento, reserva dun hotel, etc.).

♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

Bloque 4. Producción de textos escritos

1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD
♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.

3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC
♣ CD

5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

Bloque 5. coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

♣ CCL
♣ CAA
♣ CSC
♣ CCEC

2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e

escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	♣ CCL ♣ CAA ♣ CSC ♣ CCEC
3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	
4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	♣ CCL ♣ CAA ♣ CSC ♣ CCEC
5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.	♣ CCL ♣ CAA ♣ CSC ♣ CCEC ♣ CD
	♣ CCL ♣ CAA ♣ CSC ♣ CCEC

26.5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 1º DE BACHARELATO

1. FUNCÍONS COMUNICATIVAS

- | | |
|--|---------------------------------|
| -Saudar e despedirse | -Situarse no espazo e no tempo |
| -Deletrear e contar | -Dar consellos |
| -Presentarse e presentar a alguén | -Falar do aloxamento |
| -Dar e pedir información | -Expresar o acordo, a obriga |
| -Describir persoas | -Invitar, aceptar, rexeitar |
| -Expresar afeccións e sentimentos | -Expresar o tempo meteorolóxico |
| -Describir actividades cotiás | -Pedir e dar opinións |
| -Expresión do tempo: día, hora, frecuencia | -Describir a roupa |
| -Chamar por teléfono | -Pedir no restaurante |
| -Felicitarse | -Falar dos alimentos |
| -Preguntar e indicar un itinerario | -Preguntar o prezo |
| -Describir un lugar | |

2. GRAMÁTICA

- O presente dos verbos regulares
- Presente de *avoir, être*
- Os pronomes suxeito
- Os artigos definidos, indefinidos e partitivos
- O xénero e o número de nomes e adxectivos
- A negación
- C'est ... Il/elle est*
- A interrogación
- Presente dalgúns verbos irregulares: faire, prendre, venir
- Pronomes tónicos
- Os adxectivos posesivos
- Verbos en *-oir*
- O *futur proche*, o *passé récent*
- Preposicións e adverbios de lugar
- O imperativo
- Pronome *on*
- Os adxectivos demostrativos
- Os pronomes COD e COI
- As preposicións con cidades e países
- O *passé composé*
- O pronome *en*
- Adverbios en *-ment*

3. LÉXICO

- Os días da semana e os meses
- As nacionalidades
- As cores
- A aparencia física e o carácter
- As comidas
- As tarefas domésticas
- Actividades cotiás
- Profesións
- A familia
- O tempo libre, as vacacións
- A cidade e os comercios
- Medios de transporte
- A vivenda e os mobles
- Os estudos e a vida profesional
- O clima
- A roupa
- O corpo humano
- Os alimentos e as bebidas

4. FONÉTICA

- Os sons finais
- Ritmo e acentuación
- Entoación afirmativa e negativa
- Vogais orais e nasais
- Oposicións /p/ /b/, /f/ /v/

5. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS

- Cidades francesas
- O restaurante Universitario
- O francés de Québec
- A cidade: Tours
- O ritmo escolar en Francia
- Albergues de Francia
- Unha emisión de radio
- A moda de París
- A comida "bio" en Francia

27. DESEÑO CURRICULAR 2º de BACHARELATO

27.1. Obxectivos

Son os mesmos que se indican para o primeiro curso

27.2. Contidos

BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

§ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

§ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.

B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

§ B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Execución:
- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.
- Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou reformulación dun termo ou expresión.
- Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.
- Petición de axuda.
- Paralingüísticos:
- Sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (*hum, puah*, etc.) de valor comunicativo.

§ B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

§ B.2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

§ B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

§ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

§ B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.
- Execución:

- Elaboración dun borrador seguindo textos-modelo.
- Estruturação do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).
- Revisión:
 - Identificación de problemas, erros e repeticións.
 - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
 - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)
 - Reescritura definitiva.

§ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.

§ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.).

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

§ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

§ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

§ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes).
- Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

§ B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou reestruturación da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).

§ B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Establecemento e mantemento da comunicación e a organización elemental do discurso.

§ B5.6. Léxico oral e escrito de uso común relativo a aspectos culturais variados:

- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese.
- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos habituais.

§ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

Contidos sintactico-discursivos

§ Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición/concesión (*seulement si, même si, quoique, malgré que* + subj. (para un feito real)); causa (*étant donné que*); finalidade (*pour que, dans le but que, de façon/manière à ce que, afin que* + subj.); comparación (*c'est le meilleur/pire ... que* + subj., *autant/tant*); consecuencia (*si bien que*); condición (*à condition de* + inf., *à moins de* + inf., *au/dans le cas où* (+ *conditionnel*)); estilo indirecto.

§ Relacións temporais (*auparavant, alors que, en attendant, tant que, aussitôt, dès, tandis que*).

§ Exclamación (*Comme si...!*).

§ Negación (*pas question, pas du tout*).

§ Interrogación (*Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?*).

§ Expresión do tempo: presente; pasado (*plus-que-parfait*); futuro (*futur antérieur*).

§ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*à cette époque là...*); habitual (*n° fois par... mois/an...*); incoativo (*être prêt à...*); terminativo (*arrêter de*).

§ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilidade/probabilidade (*il est possible que, il se peut que*); necesidade; obriga/prohibición (*n'avoir qu'à..., il n'y a qu'à...*); permiso (*Puis-je...?*); intención/deseo (*exprimer le souhait qui concerne un autre: j'aimerais que/ je voudrais que/ j'aurais envie que/ ça me plairait que + subj.*); voz pasiva; condicional; cortesía.

§ Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, substantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivas (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*)); a cualidade; a posesión (pronomes posesivos).

§ Expresión da cantidade (*environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple...*, artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.

§ Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).

§ Expresión do tempo: puntual (*demain à cette heure-là, hier à cette heure-ci*); divisións (*hebdomadaire, mensuel, annuel...*); indicacións de tempo, duración (*toujours (ex: Il travaille toujours à Paris?)*); anterioridade (*en attendant*); posterioridade (*à peine ... que, aussitôt que*); secuenciación (*pour conclure, pour faire le bilan, si on fait le point, comme conclusion*); simultaneidade (*le temps de + inf., une fois que*); frecuencia (*de temps en temps*).

Expresión do modo (adv. de manière en *-emment, -amment, ainsi*)

27.3. Criterios de avaliación

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

§ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

§ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

§ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.

§ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

§ B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e previsibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

§ B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.

§ B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.

§ B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información co alumnado en situacións de comunicación menos habituais, pero previsibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.

§ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.

§ B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

§ B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.

§ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.

§ B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.

§ B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.

§ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e

ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

§ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.

§ B4.2. Completar documentos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.

§ B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.

§ B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.

§ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE

§ B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.

§ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.

§ B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.

§ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

§ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares

como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

§ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumila.

§ B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

27.4. Estándares de aprendizaxe e competencias clave

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>Bloque 1. Comprensión de textos orais</p> <p>§ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>§ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p> <p>§ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e previsible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>§ SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p> <p>§ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC</p> <p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC § CD</p> <p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC</p> <p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC</p> <p>§ CCL § CAA § CSC</p>

<p>actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.</p>	<p>§ CCEC</p>
<p>§ SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC § CD</p>
<p>Bloque 2. Produción de textos orais</p>	
<p>§ SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC</p>
<p>§ SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC § CD</p>
<p>§ SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC § CD</p>
<p>§ SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CCEC</p>

§ SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.

§ CCL
§ CAA
§ CSC
§ CCEC
§ CD

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

§ SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.

§ CCL
§ CAA
§ CSC
§ CCEC

§ SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).

§ CCL
§ CAA
§ CSC
§ CCEC
§ CD

§ SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).

§ CCL
§ CD

§ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

§ CCL
§ CCEC
§ CAA
§ CSC

§ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogues, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

§ CCL
§ CD
§ CAA

§ SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, mensaxes ou correos

electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).

§ SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

§ CCL
§ CCEC
§ CD

Bloque 4. Producción de textos escritos

§ CCL
§ CD
§ CSC
§ CAA

§ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.

§ CCL

§ SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.

§ CD
§ CSC

§ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.

§ CCL
§ CD
§ CAA

§ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

§ CCL
§ CD
§ CAA

§ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

§ CCL
§ CCEC
§ CD
§ CSC

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

§ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

§ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.

§ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

§ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

§ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.

§ CCL
§ CCSC
§ CD

§ CCL
§ CAA
§ CCEC

§ CCL
§ CCEC
§ CSC
§ CAA

§ CCL
§ CCEC
§ CSC
§ CAA

§ CCL
§ CCSC
§ CCEC

§ CCL
§ CCSC
§ CAA

27.5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 2º DE BACHARELATO

1. FUNCIÓNS COMUNICATIVAS

- Preguntar, presentarse e presentar a outros
- Describir a alguén
- Expresar descoñecemento e certeza
- Felicitarse, consolar, animar
- Contar feitos pasados
- Expresar inquietude
- Propoñer e pedir axuda
- Propoñer unha cita
- Situarse no pasado
- Dar unha opinión e facer apreciacións
- Pedir e dar consellos e recomendacións
- Expresar emocións e sentimentos
- Consolar, queixarse, animar, aconsellar
- Desculparse
- Manifestar sorpresa e asombro
- Expresar gustos e preferencias

2. GRAMÁTICA

- O *futur simple*
- O imperativo
- Os adverbios
- O *passé composé*
- Os pronomes relativos
- O imperfecto
- Expresión de lugar
- O *plus-que-parfait*
- Os pronomes *en, y*
- A negación
- A restrición
- O presente de subxuntivo
- A comparación
- A interrogación
- Os pronomes demostrativos

3. LÉXICO

- O aspecto físico
- A roupa
- O carácter
- As actividades cotiás
- Pasatempos
- Ecoloxía e medio ambiente
- Violencia e acoso
- Novas tecnoloxías: pros e contras
- A cidade e o campo
- As emocións positivas e negativas
- Cociña e saúde
- Literatura e belas artes
- O cinema, a música e a sociedade
- A crise económica. A inmigración e a pobreza no século XXI
- Xuventude e traballo
- Os "Reality-shows"
- O turismo: pros e contras

4. FONÉTICA

- A entoación
- As vogais
- Os sons /b/, /d/, /g/
- As consoantes finais
- As vogais nasais

5. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS

- Sociedade actual e inmigración
- La France Verte: a ecoloxía
- Profesións do futuro
- O sistema escolar francés
- A familia na sociedade actual
- Os sentimentos e Internet

- A cociña nos medios
- Festas e conmemoracións de Francia

28. PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS TEMPORALIZACIÓN (ESO E BACHARELATO)

1º ESO

Neste nivel a frecuencia é de dúas sesións semanais. A temporalización proposta para os contidos do libro poderase variar tendo en conta as características de cada grupo, pero en principio sería a seguinte:

1º trimestre	Nº de sesións: 19-25
Unidade 0	2-4
Unidade 1	8-10
Unidade 2	8-10
Avaliación por competencias	1
2º trimestre	Nº de sesións: 17-21
Unidade3	8-10
Unidade 4	8-10
Avaliación por competencias	1
3º trimestre	Nº de sesións:17-21
Unidade 5	8-10
Unidade 6	8-10
Avaliación por competencias	1

Contidos por unidades:

Unidade 0: Os saúdos. As presentacións. *Qui est-ce?* Os números ata 20. O alfabeto. As cores.

Unidade 1: O material escolar e as materias. O horario na escola. Describir un obxecto. *Qu'est-ce que c'est?*. Os días da semana. Os artigos definidos e indefinidos.

Unidade 2: Expresar as aficións. Describir persoas. A data e os meses. O verbo *être* e verbos do 1º grupo. Os adxectivos: feminino e plural. Os números ata 30.

Unidade 3: A negación. Verbos do 1º grupo. On. Os números ata 100. A elisión. A ecoloxía. As accións.

Unidade 4: As preposicións de lugar. Situar no espazo. A familia. Preguntar a idade e responder. Os consellos, as ordes. Verbo *avoir*. Os posesivos. O imperativo. As partes do corpo.

Unidade 5: A roupa: comprar e falar dela. Indicar a hora. A causa. As tarefas cotiás. *Je voudrais...* Diferenciar *tu/vous*. Os demostrativos. Verbos irregulares: *faire, mettre*.

Unidade 6: Pedir, aceptar e rexeitar. As comidas. O artigo partitivo. As accións cotiás. Os verbos pronominais. Verbos irregulares: *prendre*.

2º ESO

Neste nivel a frecuencia é tamén de dúas sesións semanais. A temporalización proposta para os contidos do libro (70 sesións aproximadamente) poderase variar tendo en conta as características de cada grupo, pero en principio sería a seguinte:

1º trimestre	Nº de sesións: 19-25
Unidade 0	2-4
Unidade 1	8-10
Unidade 2	8-10
Avaliación por competencias	1
2º trimestre	Nº de sesións: 17-21
Unidade3	8-10
Unidade 4	8-10
Avaliación por competencias	1
3º trimestre	Nº de sesións:17-21
Unidade 5	8-10
Unidade 6	8-10
Avaliación por competencias	1

Contidos por unidades:

Unidade 0: Os verbos en presente. A interrogación. Verbos *faire + de, jouer + à/ de*. A roupa. As cores. Material escolar. Os números.

Unidade 1: *C'est un(e)... qui*. Preposicións de lugar + cidades/países. Verbos *pouvoir, devoir. Avoir mal à...* Os adxectivos de descrición. Os países e as nacionalidades. As sensacións (ter fame, calor, frío, sono).

Unidade 2: *O futur proche. Aller (à) ... / venir de ...* O pronome *on*. As profesións e os oficios. A cidade. As actividades de lecer.

Unidade 3: Os adxectivos posesivos. A fórmula de cortesía *je voudrais*. As cantidades. O pronome COD con imperativo. Os alimentos e as tendas. Receitas de cociña.

Unidade 4: *O passé composé*. As preposicións de lugar con *de*. O léxico da casa. As expresións de lugar.

Unidade 5: O pronome *en*. O participio pasado. O léxico do restaurante e os utensilios na mesa.

Unidade 6: O comparativo e o superlativo. O futuro simple. Os pronomes COD da terceira persoa. As estacións do ano e os fenómenos atmosféricos. Os animais salvaxes.

3º ESO

Neste nivel a frecuencia é tamén de dúas sesións semanais. Proponse a seguinte distribución temporal de contidos:

1º trimestre	Nº de sesións: 19-25
Unidade 0	2-4
Unidade 1	8-10
Unidade 2	8-10
Avaliación por competencias	1
2º trimestre	Nº de sesións: 17-21
Unidade3	8-10
Unidade 4	8-10
Avaliación por competencias	1

3º trimestre	Nº de sesións:17-21
Unidade 5	8-10
Unidade 6	8-10
Avaliación por competencias	1

Contidos por unidades:

Unidade 0: La *rentrée* e os horarios de clase. Coñecer os compañeiros de clase. Falar das afeccións e pasatempos, do colexio e das actividades extraescolares. O presente e o *passé composé*. A interrogación. Expresión dos sentimentos.

Unidade 1: Presentar a outra persoa e dicir a nacionalidade: *il/elle est* + nacionalidade; *c'est un(e)*. Describir persoas. Falar da personalidade doutra persoa, expresando cualidades e defectos. Os adxectivos de personalidade. Os signos do zodíaco. O xénero dos adxectivos. Os relativos *qui, que*. Revisión das preposicións *à, en, au, aux*.

Unidade 2: Falar da roupa e dos diferentes *looks* da moda. Contar unha historia en pasado. O *passé composé* (afirmativo e negativo). Os verbos pronominais. Adverbios de intensidade. A negación : *ne... rien, ne ... personne, ne... jamais*.

Unidade 3: Expresar emocións, sentimentos, sensacións. Dar consellos. O futuro simple. Os proxectos. *Avoir besoin de*+infinitivo/substantivo. *Il faut/on doit*+infinitivo. O verbo *devoir*. Expresión da opinión. Expresión do tempo meteorolóxico. O medio ambiente. A linguaxe dixital e os *sms*.

Unidade 4: Localización no espazo: na cidade. Descrición de lugares. Preguntar e indicar un itinerario. As preposicións de lugar. Narrar en pasado con *passé composé* e *imparfait*. O pronome *en*.

Unidade 5: Falar das tarefas domésticas. Expresar emocións: o noxo, o enfado. A frecuencia. Dar as grazas. A negación con *plus, personne*. Os verbos con pronomes COD e COI.

Unidade 6: Falar do pasado. Recordos da infancia. O imperfecto. O comparativo e o superlativo. Comparar obxectos. As redes sociais e o mundo dixital.

4º ESO

Neste nivel a frecuencia é de tres sesións semanais. Co método utilizado o reparto de contidos sería o seguinte:

1º trimestre	Nº de sesións: 30-35
Unidade 0	4-6
Unidade 1	13-14
Unidade 2	12-14
Avaliación por competencias	1
2º trimestre	Nº de sesións: 26-30
Unidade3	13-15
Unidade 4	12-14
Avaliación por competencias	1
3º trimestre	Nº de sesións:26-31
Unidade 5	13-15
Unidade 6	12-15
Avaliación por competencias	1

Contidos por unidades:

Unidade 0: A descrición. Revisión dos tempos verbais: presente, *passé composé*, futuro simple, imperfecto, imperativo. Expresión da obriga e da necesidade. Emocións, sentimentos, sensacións. O corpo humano e a saúde física e mental.

Unidade 1: O *passé composé* e o imperfecto. Os pronomes relativos: *qui, que, dont, où*. Os transportes. Os países e as cidades. Expresión do tempo pasado e da frecuencia.

Unidade 2: Os adxectivos demostrativos. Os pronomes tónicos. Os pronomes posesivos. O discurso indirecto en presente. Definir o carácter dunha persoa. Expresar asombro fronte unha nova inesperada.

Unidade 3: A frase interrogativa. Os fenómenos meteorolóxicos. As profesións e os oficios. Perífrases: *venir de, être en train de, aller*. O vocabulario do medio ambiente e da ecoloxía.

Unidade 4: As tarefas domésticas. Expresión da protesta, a obriga e a prohibición. *Mettre en relief*. O subxuntivo. A restricción con *ne... que*.

Unidade 5: O pluscuamperfecto. Expresión da causa: *comme, parce que*. Os pronomes demostrativos.

Unidade 6: O condicional, as hipóteses. O subxuntivo: finalidade, desexo, opinión. O léxico da psicoloxía: interpretación dos soños, problemas persoais...).

1º Bacharelato

Neste nivel a frecuencia é de dúas sesións semanais, xa que a materia é Francés segunda lingua estranxeira. A temporalización proposta para os contidos do libro *C'est à dire! Lycée A1* poderase variar tendo en conta as características de cada grupo, posto que normalmente hai alumnos que tiveron a materia nos catro cursos da ESO; neste caso utilizarase como complemento ás clases o manual *Génération Lycée 2 B1*. Esta é a temporalización:

1º trimestre: unidades 0, 1, 2, 3

2º trimestre: unidades 4,5,6

3º trimestre: unidades 7,8,9

Contidos por unidades:

Unidade 0: Saudar, soletrear, contar, dicir números de teléfono. O alfabeto, os días da semana, os meses do ano. Chamar por teléfono. Preguntar e contestar sobre horarios e datas.

Unidade 1: Saudar, despedirse. Presentarse, presentar a alguén. Expresarse con cortesía. Os pronomes suxeito. *On=nous*. Verbos do 1º grupo en presente, *avoir, être*. Artigos determinados. Xénero e número.

Unidade 2: O artigo indeterminado. O presente de indicativo. A negación con *ne...pas. C'est/ il est*. A descrición física. O carácter. As cores. Dar información sobre unha persoa. Descrición de persoas. Expresar os gustos e os sentimentos.

Unidade 3: Facer preguntas. Describir actividades cotiás. Expresar o tempo, a hora, a frecuencia. O artigo partitivo. A frase interrogativa. O presente dalgúns verbos irregulares: en *-ir, -re; faire*. Os pronomes tónicos. As tarefas domésticas. O ocio.

Unidade 4: Expresar unha intención. Describir pasatempos. Pedir e dar información sobre a profesión, a familia. Felicitar. Adxectivos posesivos. Presente de verbos en *-oir, prendre, pouvoir, venir*. Contracción dos artigos. O *futur proche*. O plural de adxectivos e substantivos. As profesións, o tempo libre, as vacacións. A familia.

Unidade 5: Preguntar por un lugar. Indicar un itinerario. Pedir información sobre un lugar e describilo. Situar no espazo. Dar consellos. O *passé récent*. Preposicións e adverbios de lugar. O imperativo. O pronome impersoal *on*. A cidade, servizos e comercios. Medios de transporte.

Unidade 6: Pedir e dar información sobre unha vivenda. Situar un lugar. Expresar a obriga. Dar a súa conformidade. Os adxectivos demostrativos. Os pronomes COD. As preposicións con cidades, rexións e países. *Il faut* + substantivo/infinitivo. Adxectivos numerais ordinais. As casas, os mobles, os electrodomésticos.

Unidade 7: Pedir e dar información sobre feitos do pasado. O *passé composé*. Invitar, aceptar, rexeitar unha invitación. Expresar sentimentos. A negación con *ne... rien/plus/jamais/personne*. *Être en train de*+infinitivo. *Être sur le point de*+infinitivo.

Unidade 8: O *passé composé* na forma negativa. O acordo do participio pasado. Describir o tempo e o clima. Describir persoas: fisicamente e tamén a roupa. Pedir e dar unha opinión. Os pronomes COI.

Unidade 9: Pedir nun restaurante. Os alimentos e as bebidas. Pedir e dar información sobre os alimentos. Falar dos gustos. Preguntar o prezo. A cantidade. O pronome en. Os adverbios en *-ment*.

2º Bacharelato

As clases neste nivel teñen unha frecuencia de 3 horas semanais. Non haberá libro de texto pero o profesor guiarase polos manuais *C'est à dire! Lycée A2, Génération Lycée 2B1* e mais polos textos aportados (probos ABAU, EBAU e das probos DELF). A temporalización será a seguinte:

1º trimestre: unidades 0, 1, 2

2º trimestre: unidades 3, 4

3º trimestre: unidades 5, 6

Contidos por unidades:

Unidade 0: Facer preguntas. Presentarse, presentar a alguén. Falar por teléfono.

Unidade 1: Describir a unha persoa. Expresar ignorancia ou seguridade. Felicitar, consolar, animar a alguén. O *futur simple*. O imperativo.

Unidade 2: Contar feitos. Pedir precisións e dalas. Expresar preocupación e propoñer axuda. O *passé composé*. Os relativos simples: *qui, que, où, dont*. As actividades cotiás.

Unidade 3: Describir o pasado, situar no pasado e contar feitos pasados: o imperfecto e o *passé composé*. O *plus-que-parfait*. Dar a súa opinión, facer unha apreciación. Felicitar a alguén. As idades da vida. O ritmo escolar.

Unidade 4: Pedir consello, facer recomendacións. Pedir e dar indicacións. Expresar emocións e sentimentos. Expresión de lugar: pronomes *en, y*. A negación e a restrición.

Unidade 5: Expresar emocións e sentimentos. Queixarse, consolar, animar e axudar a alguén. O presente de subxuntivo. A comparación.

Unidade 6: Dar unha opinión. Facer apreciacións. Manifestar sorpresa. Poñerse de acordo. A interrogación. Os pronomes demostrativos. A cociña; receitas. O *passé simple*.

29. ANEXOS: RÚBRICAS: EXEMPLOS DE RÚBRICAS DE AVALIACIÓN ESO E BACHARELATO

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE PRODUCCIÓN ORAL (ESO)

Referencial 2º ESO: presentarse(nome, idade, instituto, curso, cidade); gustos e preferencias, deportes que practica, cantas veces por semana, irmáns descrições, a súa casa,a roupa, o futuro próximo

NOME DO ALUMNO:

	EXPRESIÓN ORAL	VOCABULARIO	ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS	INTERACIÓN
Excelente	Exprésase con fluidez e espontaneidade	Utiliza de modo axeitado todo o vocabulario que corresponde ao seu nivel	Demostra coñecemento de distintas estruturas gramaticais	A participación con respecto á súa parella é equilibrada e preocúpase por dinamizar a conversa
Notable	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez e espontaneidade	Utiliza un vocabulario variado	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro	A participación con respecto á súa parella é equilibrada
Aceptable	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez e espontaneidade	Utiliza un vocabulario adecuado e variado, aínda que con erros	Demostra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros	A participación non é equilibrada con respecto á súa
Deficiente	Exprésase con dificultade en francés sobre o	Utiliza vocabulario de forma limitada	Utiliza estruturas gramaticais limitadas	A participación céntrase nunha soa persoa

	tema indicado.			
Insuficiente	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado Non expresa estruturas coherentes ou comprensibles	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas	Non participa cando se require e se o fai non se entende

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE PRODUCCIÓN ESCRITA (ESO)

Exemple: lettre à mon correspondant.

NOME DO ALUMNO:

	EXPRESIÓN ESCRITA. CAPACIDAD A INFORMAR O A DESCRIBIR.	VOCABULARIO EXTENSIÓN E DOMINIO	VOCABULARIO CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA	ESTRUTURAS MORFOLÓXICAS	ESTRUTURAS SINTÁCTICAS
Avanzado-Excelente	Saúda e despídese adecuadamente. Exprésase con fluidez e é moi comprensible	Utiliza de modo axeitado e con corrección ortográfica todo o vocabulario que corresponde ao nivel A1	Utiliza con corrección ortográfica todo o vocabulario que corresponde ao nivel A1	Demostra coñecemento das distintas estruturas morfolóxicas	Utilización adecuada dos tempos verbais e estruturas sintácticas
Intermedio-Notable	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez . Bastante comprensible	Utiliza efectivamente un vocabulario variado con algún erro	Con algún erro que non incide na comprensión	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro	Utilización adecuada aínda que comete algún erro
Medio-Aceptable	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez . Certas partes son difíciles de comprender e esixen	Utiliza un vocabulario adecuado e variado aínda que con erros , bastantes erros evidencia certos coñecementos	Con bastantes erros de ortografía aínda que evidencia certo coñecemento do vocabulario que incide algo na comprensión	Demostra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros	Comete bastantes erros aínda que evidencia certo coñecemento de base

	un esforzo bastante grande por parte do receptor.				
Básico-Deficiente	Exprésase con dificultade en francés sobre o tema indicado. Hai parágrafos que non se entenden.	Utiliza vocabulario de forma limitada, comete moitos erros que non corresponden ao seu nivel	Comete moitos erros de ortografía que inciden na comprensión	Utiliza estruturas gramaticais limitadas	Comete erros importantes que inciden na comprensión do texto . Non evidencia un coñecemento
Inicio-Insuficiente	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado .	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente e escribe foneticamente	Escribe foneticamente sen ningunha corrección ortográfica	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas	Descoñece por completo. Non flexiona os verbos usando infinitivos ou palabras incomprensibles

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE PRODUCCIÓN ORAL: B1 MCERL (4º ESO, 1º Bac)

Une ville, un pays

	EXPRESIÓN ORAL	PRONUNCIACIÓN	VOCABULARIO	ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS	COHERENCIA E COHESIÓN DE IDEAS
Avanzado-Excelente	Exprésase con fluidez e espontaneidade e acompaña con xestos adecuados	Fala claramente cunha boa dicción e enténdese perfectamente	Utiliza de modo axeitado todo o vocabulario que corresponde ao nivel B1	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais sintácticas.	Utiliza os conectores adecuados e a mensaxe é coherente
Intermedio-Notable	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez e espontaneidade	Fala claramente case sempre e enténdese salvo algunha pequena excepción	Utiliza efectivamente un vocabulario variado	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro	Utiliza conectores e a mensaxe é coherente aínda que con erros
Medio-Aceptable	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez e os xestos a veces dubitativos	Unha fonética comprensible aínda que non sempre clara	Utiliza un vocabulario Adecuado aínda que non demasiado variado aínda que con erros	Demostra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros	Utiliza algún conector a mensaxe ten algunha parte inconexa
Básico-deficiente	Exprésase con dificultade en	A súa fonética e entoación resulta	Utiliza vocabulario de	Utiliza estruturas gramaticais	Non estrutura claramente a

	francés sobre o tema indicado.	difícil de comprender	forma limitada	limitadas	mensaxe, utiliza poucos conectores
Inicio-Insuficiente	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado . Non acompaña dunha xestual adecuada	A mensaxe é confusa e a súa entoación non corresponde ao contexto	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas	A mensaxe non ten cohesión, nin é coherente

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE PRODUCCIÓN ESCRITA: B1 MCERL (4º ESO, 1º Bac)

NOME DO ALUMNO:

	EXPRESIÓN ESCRITA. CAPACIDAD A INFORMAR O A DESCRIBIR.	VOCABULARIO CORRECCIÓN E EXTENSIÓN	– ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS	ELECCIÓN DOS TEMPOS VERBAIS	COHERENCIA E COHESIÓN
Avanzado-Sobresaiñte	Exprésase con fluidez e é moi comprensible	Utiliza de modo axeitado e con corrección ortográfica todo o vocabulario que corresponde ao nivel	Demostra coñecemento das distintas estruturas morfolóxicas e sintácticas	Utilización adecuada dos tempos verbais. Demostra coñecemento	Uso adecuado dos conectores. Estructura as ideas. Boa puntuación
Intermedio-Notable	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez . Bastante comprensible	Utiliza efectivamente un vocabulario variado con algún erro	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro	Utilización adecuada aínda que comete algún erro	Usa conectores . Estructura as ideas pero con erros non moi graves . Puntuación con algún erro
Medio-Aceptable	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez . Certas partes son difíciles de comprender e esixen un esforzo bastante grande por parte do receptor.	Utiliza un vocabulario adecuado e variado aínda que con erros , bastantes erros evidencia certo coñecementos	Demostra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros	Comete bastantes erros aínda que evidencia certo coñecemento de base	Utiliza algún corrector, algún error importante, algunha parte inconexa . Puntuación con vacilacións

Básico-Deficiente	Exprésase con dificultade en francés sobre o tema indicado. Hai parágrafos que non se entenden.	Utiliza vocabulario de forma limitada, comete moitos erros que non corresponden ao seu nivel	Utiliza estruturas gramaticais limitadas	Comete erros importantes que inciden na comprensión do texto. Non evidencia un coñecemento	Non estrutura claramente a mensaxe. Utiliza poucos conectores. Puntuación non adecuada
Inicio-Insuficiente	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado .	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente e escribe foneticamente	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas	Descoñece por completo. Non flexiona os verbos usando infinitivos ou palabras incomprensibles	A mensaxe non ten cohesión , nin é coherente . Signos de puntuación non adecuados

RÚBRICAS PARA AVALIAR OS PERFÍS COMPETENCIAIS

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: EXPRESIÓN ESCRITA

Alumno:	IN	SU	BE	NT	SB
Respecto da consigna:comprende e desenvolve o tema proposto. Respecta o número de liñas esixido					
Limpeza e claridade: os textos son lexibles, claros, a presentación é ordenada, limpa e aténdese ao formato esixido					
Capacidade de presentar feitos ou ideas: escribe frases adecuadas ao seu nivel ,para facer descrições, falar de sí mesmo, dar información, pedir algo					
Coherencia e cohesión:liga os elementos do discurso de maneira eficaz empregando a puntuación e os conectores axeitados					
Vocabulario: coñece e emprega o vocabulario adecuado ao seu nivel.					
Ortografía: puntúa axeitadamente: ortografa ben a mayoría do léxico utilizado.					
Elaboración sintáctica: emprega correctamente as estruturas traballadas previamente					
Morfosintaxe e ortografía gramatical: fai as concordancias en xénero e número, suxeito e verbo...					
Corrección sociolingüística:emprega as fórmulas de cortesía básicas ligadas ao contexto					
Orixinalidade: pese a basearse en modelos repetitivos, amosa creatividade no discurso. Emprega o rexistro adecuado ao destinatario e ao contexto.					

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: EXPRESIÓN ORAL

Alumno.	IN	SU	BE	NT	SB
Capacidade de presentar feitos ou ideas e orixinalidade de acordo co seu nivel: describir eventos, dar información, facer solicitudes, expresar opinión, amosar creatividade no desenvolvemento dos contidos e na posta en escea.					
Coherencia, cohesión, fluidez e respecto das consignas. O discurso é ordeado. Aínda que hai titubeos, en xeral, o discurso non se interrompe e a comunicación é efectiva. Desenvolve o discurso no tempo esixido.					
Vocabulario e adecuación sociolingüística: posúe o vocabulario suficiente, adecuado ao seu nivel, para expresarse sobre temas cotiás e actuais. Emprega o rexistro axeitado ao contexto.					
Morfosintaxe: emprega estruturas gramaticais vistas, o sentido xeral, aínda que existan algún erros sintácticos, verbais ou de concordancia.					
Fonética: pode expresarse de maneira suficientemente clara, aínda que o interlocutor deba solicitar algunha repetición					

APRENDER A APRENDER

ALUMNO:	IN	SUF-BE	NT	SB
Control e xestión da propia aprendizaxe: conciencia das capacidades de aprendizaxe, atención, concentración, memoria, comprensión e expresión.	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos	Recoñece unicamente alguna das súas capacidades de aprendizaxe	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe mais non as distingue en situación concretas	É capaz de identificar en qué medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos
Responsabilidade: adquirir compromisos persoais sendo perseverantes na aprendizaxe e ao mesmo tempo acadar confianza en sí mesmo.	Non manifesta interese en mellorar a súa aprendizaxe e non cre nas súas propias capacidades para aprender	Amosa interese en mellorar as súas capacidades de aprendizaxe, mais non persevera. Leva a termo as actividades máis urxentes.	É perseverante nas capacidades en mellorar as súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseverancia. Interese por ampliar os seus coñecementos.
Habilidade para xestionar o tempo de maneira efectiva: planear e organizar actividades e tempos: administrar o esforzó, autoavaliarse.	Non planea nin organiza as súas actividades. Limitase a levar a termo as actividades que non requiren esforzo			Organiza as actividades a curto, medio e longo prazo. Prioriza as actividades segundo a importancia e o esforzó que lle requiren.
Pensamento crítico e creativo: toma de decisións sobre a propia aprendizaxe	Non toma decisión sobre a propia aprendizaxe	Non é quen de atopar alternativas para a súa aprendizaxe	Toma decisións sobre a propia aprendizaxe mais non avalía as súas consecuencias	Toma decisións sobre a propia aprendizaxe avaliando as consecuencias

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

ALUMNO:	IN	SU-BE	NT	SB
Respecto e tolerancia	Non escoita, non comparte nin apoia o traballo dos outros	As veces escoita, comparte e apoia o traballo dos outros	Xeralmente escoita, comparte e apoia o traballo dos outros	Sempre escoita, comparte e apoia o traballo dos outros
Integración no grupo	Non participa	Apenas participa	Participa bastante	Participa totalmente
Aportación persoal	Non entrega o seu traballo	Entrega unha pequena parte do seu traballo, con seguimento	Entrega gran parte do seu traballo, con seguimento	Entrega o seu traballo a tempo e sen seguimento
Motivación	Non promove a motivación e participación entre os membros do grupo	Poucas veces promove a motivación e participación entre os membros do grupo	Case sempre promove a motivación e participación entre os membros do grupo	Sempre promove a motivación e participación entre os membros do grupo

COMPETENCIA DIXITAL

ALUMNO:	IN	SU	BE	NT	SB
<p>Adecuación á consigna: respecta as intrucións da tarefa: entrega conforme o prazo, formato e soporte</p>					
<p>Autonomía e uso responsable: amosa autonomía respecto do manexo das TIC, incorpora o seu uso ao proceso de aprendizaxe. Fai un uso responsable e respectuoso do material informático, respectando as instrucións de uso e explotación do mesmo</p>					

Pontevedra, a 8 de outubro de 2020

As profesoras do departamento de francés:

Sonia Belén González Sáez

M^a Esther Varela Pol

(xefa do departamento)